| **Valoración** | Mellorable, a acollida por parte do alumnado foi bastante baixa (sobre todo en educación primaria). |
| **Resultados** | Nesta ocasión desfrutáronse dous períodos de froita (con resultados moi bos en infantil pero baixos en primaria) e un de leite (con moi pouca demanda por parte do alumnado). O feito de que o alumnado en primaria traia igualmente a súa merenda dificulta que acepten a froita como alimento na hora de lecer. |
| **Propostas de mellora** | Concienciar ás familias para que durante ese tempo o alumnado non traia merenda da casa (ou traia en menor cantidade). Valorar se seguir ou non có reparto de leite. |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9IZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| Programa/Plan | DIGICRAFT |
|---|---|
| Valoración | A valoración non é positiva por parte dos docentes implicados. |
| Resultados | As actividades ofertadas non son de utilidade xa que non se axustan aos contidos a traballar. |
| Propostas de mellora | No vindeiro curso non solicitaremos continuar no programa. |

| Programa/Plan | XOGADE |
|---|---|
| Valoración | A valoración é positiva. As xornadas desenvolvéronse con normalidade e axeitadamente en relación ao programado. |
| Resultados | Os resultados en canto á relación social con alumnado de outros centros educativos e a realización de actividade física foron conseguidos. A motivación e participación de cara á práctica dos diferentes xogos e deportes por parte do alumnado foi moi boa. |
| Propostas de mellora | Continuar con dito programa en vindeiros cursos. |

| Programa/Plan | Prensa na escola – La Voz de Galicia |
|---|---|
| Valoración | A valoración do programa é aceptable polo claustro. A participación en dito programa foi do alumnado de 5ºA e 5ºC EP. |
| Resultados | Empregamos diferentes artigos e recursos da sección "La Voz de la Escuela" durante este curso, seleccionando aquelas relacionadas coa programación e coas actividades conmemorativas traballadas na aula e no centro.<br>De tódolos xeitos é certo que é unha proposta para aproximar o alumnado aos medios de comunicación, pero soamente ofrece unha posibilidade de prensa escrita que, ademais, está en castelán. |
| Propostas de mellora | Continuar co programa e, ademais, buscar formas de complementar dito programa para ofrecer ao alumnado unha visión de conxunto dos medios de comunicación. |

| Programa/Plan | Voz Natura - La Voz de Galicia |
|---|---|
| Valoración | Moi positiva para ser a primeira edición. |
| Resultados | Acadáronse case todos os resultados agardados. |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| **Propostas de mellora** | Incidir naquelas actividades nas que este ano non se profundizou. |

| **Programa/Plan** | **Spring Week** |
|---|---|
| **Valoración** | En xeral positiva, o 100% do alumnado di que volvería e valorou moi positivamente a experiencia. |
| **Resultados** | O alumnado participante e as súas familias amosáronse satisfeitos coa actividade e compartiron a súa experiencia co resto de compañeiros e do centro. |
| **Propostas de mellora** | Que o número de prazas fose maior para aqueles centros que contan con máis alumnado. |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

## 9. VALORACIÓN DAS INSTALACIÓNS, RECURSOS E MATERIAIS DO CENTRO

Có fin de valorar do xeito máis completo posible as actuacións e reunións do claustro, elaborouse unha enquisa a través de Google Forms. Desta enquisa, respostada por 31 persoas, extráese a seguinte información:

| | NUNCA | POUCAS VECES | CASE SEMPRE | SEMPRE |
|---|---|---|---|---|
| Adquírense materiais con criterio económico, funcional, pedagóxico... | **0%** | **0%** | **43,3%** | **56,6%** |
| Aplícase o uso común do material | **0%** | **0%** | **60%** | **40%** |
| Coñecese a relación de materiais existentes no centro | **0%** | **13,3%** | **50%** | **36,6%** |
| Distribúese o material funxible segundo as necesidades | **0%** | **0%** | **23,3%** | **76,6%** |
| Fanse previsións do gasto en material | **0%** | **0%** | **26,6%** | **73,3%** |
| Actualízase anualmente o inventario do centro | **10%** | **10%** | **56,6%** | **23,3%** |
| Adquírese material para a biblioteca | **0%** | **0%** | **26,6%** | **73,3%** |
| Planifícase o gasto en subministros | **0%** | **0%** | **23,3%** | **76,6%** |

**Propostas de mellora:**

- Reducir o uso de plásticos
- Dar a coñecer o material dispoñible no centro

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Marcar zonas para usar os xogos no patio cuberto
- Mercar reguladores para a calefacción
- Mercar microscopio
- Mellorar as fotocopiadoras
- Mercar mais material para o horto
- Renovar o mobiliario para Ed.Infantil

## 10. VALORACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

### 9.1 Valoracións dos simulacros realizados

| | | | |
|---|---|---|---|
| O simulacro seguiuse seguindo as instrucións | | Si ☒ | Non ☐ |
| Participación do profesorado | Boa ☒ | Media ☐ | Baixa ☐ |
| Observacións | O Plan de Autoprotección do centro elaborado en abril do 2014, pola empresa "Estrategias de seguridad y producción, S.L.", foi actualizado este curso no mes de outubro pola mesma empresa. Rexistrouse no REGAPE co número de identificación 3113. Ademais, tamén se levou a cabo unha formación sobre o mesmo a todo o persoal do centro (docente e PAS). | | |

| TEMPOS REAIS DA EVACUACIÓN | | |
|---|---|---|
| Datas dos simulacros | Tempo aproximado | Nº Alumnos evacuados |
| 20/11/23 | 2'45" | Persoal docente |
| 29/11/23 | 8'10" | 415 |
| 03/05/24 | 13'10" | 425 |
| Observacións | Nos simulacros de novembro todo o persoal do centro foi avisado da data e hora de realización mentres que o último foi sen aviso previo. | |

| RESPOSTA DO ALUMNADO | | |
|---|---|---|
| Boa ☒ | Mala ☐ | Regular ☐ |
| Observacións | | |

| CAPACIDADE DAS VÍAS DE EVACUACIÓN | |
|---|---|
| Suficiente ☒ | Insuficiente ☐ |
| PRODUCÍRONSE INTERFERENCIAS NAS VÍAS DAS DIFERENTES PLANTAS | |
| Si ☐ | Non ☒ |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| Observacións | |

| PUNTOS OU ZONAS DE ESTREITAMENTO PERIGOSO | |
|---|---|
| Nas portas do vestíbulo. | |
| Observacións | Necesidade de mellorar a suxeición das mesmas para que non ter que estar agarrando delas. |

| VALORACIÓN DO FUNCIONAMENTO EFICAZ DOS MEDIOS DE EMERXENCIA | | | |
|---|---|---|---|
| Sistema de alarma | Bo ☐ | Deficiente ☒ | Non existe ☐ |
| Alumeado de emerxencia | Bo ☒ | Deficiente ☐ | Non existe ☐ |
| Escaleiras de emerxencia | Bo ☒ | Deficiente ☐ | Non existe ☐ |
| PUIDERON CORTARSE OS SUBMINISTROS DE: | | | |
| Gas | Si ☐ | Non ☒ | Non existe ☐ |
| Electricidade | Si ☐ | Non ☒ | Non existe ☐ |
| Gasóleo | Si ☐ | Non ☒ | Non existe ☐ |
| Auga | Si ☐ | Non ☒ | Non existe ☐ |
| Observacións | Non se cortaron os subministros nos simulacros realizados. | | |

| OBSTÁCULOS ATOPADOS NAS VÍAS DE EVACUACIÓN | |
|---|---|
| | |
| Observacións | Non se atoparon obstáculos nas vías de evacuación. |

## 9.2 Conclusións e propostas de mellora

| CONCLUSIÓNS | |
|---|---|
| Balance xeral | A resposta foi boa pero é necesario seguir facendo os simulacros para que tanto alumnado como persoal docente e non docente sexa quen de actuar de maneira rápida e efectiva. |
| Propostas de mellora | • Aumentar o volume da serea.<br>• Aumentar os puntos de son da recepción da serea.<br>• Elaborar un protocolo para o alumnado que se nega a abandonar o edificio.<br>• Actualizar listas aulas. |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | • Recordar que nas listaxes de reconto só se marca o alumnado que non está no centro e indicar o número total de persoas por aula cando entregan o listado.<br>• Reflexionar sobre a colocación dos carteis das aulas no patio cuberto.<br>• Colocar uns topes nas topes das portas de emerxencia do vestíbulo para que queden abertas todas. |

## 11. VALORACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

| COMEDOR ESCOLAR | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Entidade que presta o servizo** | **Comedor de xestión directa da Consellería. Tipo E** | | | | | |
| **Nº de alumnado usuario** | 4º EI: 32 | 5º EI: 34 | 6º EI: 38 | 1º EP: 43 | 2º EP: 45 | 3º EP: 48 |
| | 4º EP: 49 | 5º EP: 45 | 6º EP: 43 | | | |
| **Nº de persoas colaboradoras** | 14 persoas colaboradoras | | | | | |
| **Horario de uso** | 14:20 – 14:55 e 14:55 – 15:30 | | | | | |
| **Valoración dos obxectivos propostos** | A valoración da consecución dos obxectivos é, en liñas xerais, positiva. Mantívose a proposta de alimentación variada e saudable, destacando o uso de produtos naturais e, dentro do posible, de proximidade e ecolóxicos.<br>Retomouse a rutina de cepillado de dentes para aquel alumnado que se queda no centro en actividades extraescolares.<br>Mellorou notablemente a convivencia e o ambiente nos comedores, destacando o cambio que supuxo a instalación no teito do comedor pequeno de placas que amortiguan o son en canto ao ruído que había anteriormente. | | | | | |
| **Propostas de mellora** | De cara ao curso que vén, consideramos importante o cambio do teito do comedor grande, xa que se nota moito o illamento acústico que proporciona. | | | | | |

| TRANSPORTE ESCOLAR | | | |
|---|---|---|---|
| **Entidade que presta o servizo** | **Autopullmans Travidi SL** | | |
| **Nº alumnado usuario** | **Ruta 1:** 39 | **Ruta 2:** 54 | **Ruta 3:** 31 |
| | **Ruta 4:** 18 | **Ruta 5:** 14 | **Ruta 6:** 17 |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| **Valoración** | A valoración do transporte escolar é positiva. Durante este curso escolar non houbo ningún incidente coa compañía de transportes nin coas persoas acompañantes. O transporte é puntual diariamente tanto nas entradas como nas saídas. |
| **Propostas de mellora** | Non hai propostas de mellora. Soamente que se manteña o servizo da mesma maneira que durante este curso escolar. |

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

| CURSO 2023/2024 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| MES | DÍAS | DESTINATARIOS | TEMÁTICA | EMPRESA COLABORADORA |
| Setembro | 1 | Profesorado | Actividade benvida | Equipo directivo |
| Outubro | 3-4 | Todo o centro | Punto limpo móbil (reciclaxe) | Consorcio das Mariñas |
| | 16 | 2º EP | Taller de Pan | Panadaría Mercedes (Carral) |
| | 16 | Personal docente | Formación PDIs | Asesor Abalar - Consellería |
| | 20 | 6º EP | Reciclaxe | SOGAMA |
| | 23 | Persoal docente e non docente | Formación do Plan de Autoprotección | ESeyPro |
| | 30 | Persoal docente e non docente | Formación Primeiros Auxilios | SERGAS e Concello de Carral |
| | 31 | 6º EP | Actividade física: escalada | Rocodromo Club Riazor A Coruña Agrupación de Montañeros Independientes (AMI) |
| Novembro | 3 | Todo o centro | Magosto | Pedro Fernández (castañas) |
| | | 4º, 5º e 6º de EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 13 | 4º EP | DOMUS | Concello da Coruña |
| | 14 | 3º EP | Casa das ciencias | Concello da Coruña |
| | | 4º EP e 5º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 16 | 5º EP e 6º EP | Educando en valores | Concello de Carral |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 20 | 5º EI | Fotografía: Emocións en perigo. Fotografías de Tim Flach | Afundación |
| | 22 | 2º EP | Biblioteca e contacontos | Ágora |
| | 23 | Todo o centro | Día Non Violencia contra a s mulleres - lazos morados | Eq Convivencia e benestar |
| | 24 | 6º EI | Fotografía: Emocións en perigo. Fotografías de Tim Flach | Afundación |
| | 27 | Persoal docente e non docente | Formación Primeiros Auxilios | SERGAS e Concello de Carral |
| | | 1º,2º e 3º de EP | Actividade de aproximación ao Balonmán | UD Carral |
| | 28 | 4º EP e 5ª EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | | 4º, 5º e 6º de EP | Actividade de aproximación ao Balonmán | UD Carral |
| | 30 | 4º EI | Fotografía: Emocións en perigo. Fotografías de Tim Flach | Afundación |
| | | 5º EP | Saída ao Muncyt | Concello da Coruña |
| | | 4º EP e 6º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | | Todo o centro | Simulacro | AXEGA |
| Decembro | 1 | Todo o centro | Día internacional das persoas con discapacidade | Departamento de Orientación do CEIPP VOV |
| | 12 | 4º EP e 5º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 14 | 5º EP e 6º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 15 | 6º EP | Acoso e ciberacoso | Plan director |
| | 18 | 5º EP | TIC e ciberseguridade | Plan director |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Equipo docente | Xornada de xogos de mesa | Equipo de Convivencia e Benestar |
| | 20 | Todo o centro | Visita Carteiro Real | Concello de Carral |
| | 21 | Todo o centro | CELEBRACIÓN 50 ANIVERSARIO CENTRO | |
| Xaneiro | 8 | Equipo docente | Xornada de valores e convivencia | Concello de Carral |
| | 15 | 6º EP | Infoconsumo | Escola Galega de Consumo e Concello de Carral |
| | 16 | 4º EP e 5º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 18 | 5º EP e 6º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 17 | 5º EP | Xornada multideporte no CEIPP Ramón Otero Pedrayo (Laracha) | Xogade |
| | 19 | 2º EP | Casa das ciencias | Concello da Coruña |
| | 22 | Educación Infantil, 1º EP e 2º EP | Hixiene bucodental | Concello de Carral e Clinica Dental Maceiras |
| | 24 | 3º EP | Acuario | Concello da Coruña |
| | 30 | 4º EP e 5º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 31 | 5º EP | Obradoiro Primeros auxilios | Pediatra Rosario Rama pediatra de Carral |
| Febreiro | 1 | 6º EP | Xornada multideporte no centro | Xogade |
| | 6 | 4º EP e 5º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 8 | 5º EP e 6º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 9 | Todo o centro | ENTROIDO | |
| | 19 | 4º EI e 6º EI | Fotografía: Helmut Newton-Fact&Fiction | Fundación Marta Ortega - Artefacto |
| | 20 | 5º EI | Fotografía: Helmut Newton-Fact&Fiction | Fundación Marta Ortega - Artefacto |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | 1º EP | Taller "animalario biodiverso" | Muncyt |
| | 21 | XORNADA PORTAS ABERTAS 16:00- 17:00 | | |
| | 22 | 4º EP e 6º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 23 | XORNADA PORTAS ABERTAS 16:00- 17:00 | | |
| | 26 | Familias | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 27 | 4º EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | | 5º EP | Xornada multideporte no centro | Xogade |
| Marzo | 1 | Familias | Plan Director | Guardia Civil |
| | 6 | 4º EP | Obradoiro radio | Radio Espora |
| | 7 | | | |
| | 8 | 5º EP | Reciclaxe | SOGAMA |
| | | 6º EP | Día internacional da muller | Concello de Carral |
| | 14 | 4º EP | A lenda da harmonía | Palacio da Ópera da Coruña |
| | 15 | 6º EP | Conoce a ETAPA Telva | Coawa |
| | 18 | Familias (18:00 a 20:00) | Educando en valores | Concello de Carral |
| | | Persoal docente | Xornada de xogos deportivos | Equipo de Convivencia e Benestar |
| | 19 | 3º EP | Actividade Polos Creativos | Concello de Carral - Astrobots |
| | 20 | Todo o centro | Deseño cartel festa do Pan | Concello de Carral |
| | | Educación Infantil | Contacontos "Contos Lareteiros" | Concello de Carral e Marisa Irimia |
| | | 4º EP | Actividade Polos Creativos | Concello de Carral - Astrobots |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | 5º EP | Obradoiro Estampación | Reserva da Biosfera-Concello de Carral |
| | 21 | 3º EP | Actividade Polos Creativos | Concello de Carral - Astrobots |
| | | 6º EP | Visita guiada a Lugo | Oficina de Turismo |
| | 22 | 4º EP | Actividade Polos Creativos | Concello de Carral - Astrobots |
| | | 5º EP | Obradoiro Estampación | Reserva da Biosfera - Concello de Carral |
| | 23 | 5º e 6º EP | Obradoiro de poesía con Dores Tembrás | Concello de Carral |
| | 24 | 6º EP | | |
| Abril | 3 | Alumnado seleccionado | INICIO DE: Kamelamos Chanelar | Presencia Gitana |
| | | 2º EP | Actividade Polos Creativos | Concello de Carral - Astrobots |
| | 4 | 6º EP | Actividade Polos Creativos | Concello de Carral - Astrobots |
| | 5 | 4º EP | Taller con María Canosa | Editorial Xerais |
| | | 3º,4º,5º e 6º EP | Xogos Día da saúde | Equipo de EF e Medioambiente |
| | 8 | Persoal docente | Protocolo de acoso e ciberacoso | Equipo de convivencia e benestar |
| | | 6º EI e 5º EP | Taller de Educación Viaria | Policia Local de Carral |
| | 9 | 5º EP e 3º EP | | |
| | 10 | 2º EP | Actividade Polos Creativos | Concello de Carral - Astrobots |
| | | 5º EP | Taller de Educación Viaria | Policia Local de Carral |
| | 11 | 3º EP | | |
| | 12 | 6º EP | Actividade Polos Creativos | Concello de Carral - Astrobots |
| | | Ed. Infantil, 1º e 2º EP | Xogos Día da saúde | Equipo de EF e Medioambiente |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 15 | Familias (18:00 a 20:00) | Educando en valores | Concello de Carral |
| | 19 | 6º EI | Concerto de música: "De aquí para alá coas emocións" | Palacio da Ópera da Coruña |
| | | 6º EP | Xornada multideporte no CEIP Alfredo Brañas (Paiosaco) | Xogade |
| | 22 | 4ºB e 4ºC EP | Educando en valores | Concello de Carral |
| | | 5º e 6º EP | Lectura na Galiña Azul | Bibliotecas Solidarias |
| | 23 | 3º EP - 6º EP | Uso de TIC e alfabetización informacional | UDC. Montse Pena Presas |
| | 29 | 6º EP | Taller proceso de fermentación | Panadería Mercedes |
| | 30 | 6º EP | Colección de arte | Fundación María José Jove |
| Maio | 2 | Todo o centro | Axuda co horto | ANPA (Omayra) |
| | 3 | Todo o centro | Simulacro | AXEGA |
| | 4 | 6º EP | Ciencia na rúa | Concello de A Coruña e os Museos coruñeses |
| | 8 | Todo o centro | Familia e tecnoloxía, unha boa parella? | Isabel Dans (USC) e Lectura e familias |
| | 9 | 2º EP | Cartel Festa do Pan | Concello de Carral |
| | 12-18 | 6º EP | Spring week | Interway e Consellería de Educación |
| | 16 | 4º EI | Contacontos | Lectura e familias |
| | 13 | 4º EP | Pobo aventura | Pobo Aventura |
| | | 6º EP | Aprendizaxe servizo no mercado de Carral | Concello de Carral |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 21 | 5º e 6º EP | Obradoiro de poesía Dores Tembrás | Concello de Carral |
| | 22 | | | |
| | | 4º EP | Taller con Érica Esmorís | Editorial Xerais |
| | | 6º EP | Taller de Gaita | Centro Coreográfico Galego |
| | | 1º EP | Saída fin de curso | O Ventoso |
| | 23 | 4º EP | Taller de orientación deportiva | Club Gallaecia |
| | 23 e 24 | 5º e 6º EP | Obradoiro de poesía Dores Tembrás | Concello de Carral |
| | 24 | 6º EI | Contacontos | Lectura e familias |
| | 27 | 6º EP | Concerto de Gaita | Centro Coreográfico Galego |
| | 28 | 5º EI | Contacontos | Lectura e familias |
| | 30 e 31 | Todo o centro | Xornadas do PDI | - |
| Xuño | 3 | Educación Infantil | Saída fin de curso | Marcelle |
| | 3 e 4 | 6º EP | Saída fin de curso | Fervenzaventura (Silleda) |
| | 6 | 6º EP | Visita IES de Carral | IES de Carral |
| | 10 | 2º EP | Saída fin de curso | Labrecos (Cesuras) |
| | | Ed. Infantil | Visita 3º EI da Galiña Azul | Galiña Azul de Carral |
| | 12 | Ed. Infantil e Ed. Primaria | Visita CEIP de Tabeaio | CEIP de Tabeaio |
| | 17 | 3º EP | Museo etnográfico do mundo rural galego | Museo A casa do Patrón |
| | | 6º EP | Acto de fin de curso | Titores de 6º EP |
| | 19 | 5º EP | Parque multiaventura | Galipark |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 21 | TODO O CENTRO | Festa fin de curso | Axiña servizos deportivos SL |

## 13. MEMORIAS DOS CICLOS

### 13.1. Memoria do 2º ciclo de Educación Infantil

#### 13.1.1. Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

En xeral o grao de desenvolvemento das programacións didácticas nas distintas aulas de Educación Infantil foi satisfactorio. Este curso contamos cun maior apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, neste caso a mestra de música para Educación Infantil.

Ter a posibilidade de formar "parella educativa" durante máis sesións do que ven sendo habitual, favorece enormemente o proceso de ensinanza aprendizaxe dos pequenos. Ademais puidemos desenvolver propostas máis creativas, participar en actividades a nivel de centro cunha maior implicación, que doutro xeito sería inviable.

En Educación Infantil, non falamos de resultados académicos, poñemos o foco no proceso. Promovemos a adquisición de competencias, rutinas, normas, autonomía e valores de respecto facía os demais.

Novamente o feito de poder contar con máis horario de apoio en aula, sempre cos mesmos mestres, fai que os nenos e nenas se sintan máis confiados. Ter sempre as mesmas figura de referencia, conleva máis confianza neles e un apego seguro o cal incide directamente na aprendizaxe significativa do alumnado.

En canto ao sistema no que nos temos que rexer para os ítems de avaliación en PROENS, supuxo bastante desconcerto para as familias e para nós, que os ítems viñeran dados pola propia programación e non poder elixilos, posto que a linguaxe que empregan é pouco clara para que calquera que non sexa profesional da educación. Moitos deles son repetitivos e non reflicten a realidade das aulas e do proceso de ensino aprendizaxe de cada neno e nena. No primeiro trimestre asinamos un escrito como moitos Mestres de Educación Infantil en Galicia en contra deste sistema.

Unha das vantaxes que tivemos no noso equipo, foi adiantar o traballo o curso pasado, seleccionando cada obxectivo e contido do currículo para 4º, 5º e 6º de Infantil, o que evitou ter que cubrir unha morea de ítems de avaliación que non tiñan sentido algún. Dende o noso punto de vista, os ítems que aparecen reflexados no XADE, e que son enviados a casa deben empregar unha linguaxe clara, xa que se trata dunha ferramenta de comunicación coas familias.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No tócante á especialidade de **Educación Musical**: A programación en esta etapa levouse a cabo de forma correcta e sen grandes modificacións a nivel conceptual. Os resultados foron os esperados para os diferentes cursos.

Realizouse un cambio metodolóxico en novembro e decembro por baixa dun docente, mais os contidos e tipo de traballo foi o mesmo, logrando a consecución dos obxectivos xa marcados.

En **Lingua estranxeira**: Non se introduciron cambios na programación xa que se empregou a metodoloxía activa recollida no devandito documento. O alumnado foi en todo momento protagonista da aprendizaxe. Todas as actividades foron destinadas á adquisición da competencia comunicativa. A maioría dos contidos propostos foron desenvolvidos. Partiuse dos seus intereses e motivacións para así chegar a unha aprendizaxe significativa, tendo en conta as diferenzas de carácter individual que o alumnado presenta. Establecéronse rutinas que facilitaron o uso oral da lingua nun contexto significativo para o alumnado. Estas rutinas permiten o uso do inglés dunha forma natural.

O instrumento de avaliación foi a observación diaria a través da que se valora como os alumnos e alumnas participan nas actividades, o seu esforzo e relación co inglés, así como o grao de adquisición dos contidos. A maior parte do alumnado mostra interese por intervir en interaccións orais e gústalle participar en actividades propostas de imitación, repetición de sons, cancións, palabras e de combinación de lingua e xestos. Algúns nenos e nenas que ao inicio de curso non participaban, acabaron estando involucrados nas actividades.

**En relixión:** A totalidade do alumnado escolarizado en infantil amosou un rendemento óptimo. A programación resultou excesivamente extensa na totalidade da etapa, facendo imposible acadar a metade dos obxectivos propostos, sobre todo en algún caso de alumnos pouco motivados pola materia ou aínda con escasos hábitos para o desenvolvemento das súas competencias.

En definitiva, a nivel xeral este curso puidemos adaptarnos máis aos ritmos e necesidades de cada neno.

### 13.1.2. Valoración xeral das actuacións/actividades desenvolvidas polo departamento/equipo ciclo

- PDI: Neste curso a temática central do PDI do centro foi "Todos e todas temos unha historia que contar". A finais de curso organízanse unhas xornadas nas que abrimos a escola á comunidade educativa para que poidan coñecer de primeira man

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

o traballo realizado polos nenos ao longo do curso, poñendo valor as súas producións e aprendizaxes.

En Educación Infantil elaboramos de forma conxunta un dicionario de protagonistas de contos, para o cal pedimos a colaboración das familias. Ademais fixemos xogo cun panel para que fose máis interactivo a través do uso das TICS, neste caso cun robot. Así mesmo presentamos o noso traballo por medio dun vídeo conxunto no que explicamos o que fixemos no libro.

En xeral as xornadas tiveron unha gran acollida, as familias de Educación Infantil mostraron unha boa resposta ante esta actividade.

- Saídas: No primeiro trimestre visitamos unha exposición fotográfica sobre animais que tiñan unha historia que contar: estaban en perigo de extinción, chamada "A memoria ferida" situado en Afundación. Esta visita resultou pouco axeitada para a idade dos nosos nenos e nenas, os termos e o vocabulario empregado eran pouco adaptados e a actividade final tamén, estaba destinada a nenos e nenas de primaria.

  Ademais asistimos á exposición Helmut-Newton, ben adaptada en tempos e medios aos nenos e nenas de 3,4 e 5 anos. No segundo trimestre tivemos tamén a oportunidade de desfrutar dunha sesión de Conta-Contos a cargo do Concello de Carral. Por último no terceiro trimestre desfrutamos dunha saída ao espazo natural de Marcelle, onde os nenos e nenas puideron pasar o día coñecendo novas especies. Neste caso a visita resultou tamén pouco satisfactoria, dende o noso punto de vista docente. A visita aos animais foi moi longa, feita en dous momentos, antes e despois da comida. E o lugar para comer nada adaptado para nenos ou adultos, en ningún caso cumpría cas medidas de hixiene e seguridade.
- Coordinación Docente: Ao longo do curso mantemos diversas reunións de ciclo nas que falamos e podemos debater diversos temas que repercuten no día a día das nosas aulas. En xeral entre todos os membros do equipo a coordinación é moi comprometida e participativa, este curso respirouse un bo ambiente de traballo que esperamos continuar o vindeiro tamén. O feito de que parte do equipo directivo forme parte do Equipo de Educación Infantil, permitiu un traballo moito máis atento e comprometido co noso ciclo, o cal nos favoreceu en gran medida.
- Actividades conxuntas de conmemoración: Este curso puidemos desfrutar de varias actividades nas que os nenos e nenas de Educación Infantil compartían momentos e experiencias con alumnos doutras idades, o que resultou ser moi enriquecedor para ambas partes. Fixemos unha pequena horta con bancais, semanalmente tivemos acompañamentos lectores, fixemos unha carreira de

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

obstáculos para conmemorar o día internacional das persoas con discapacidade, visitamos a exposición das xornadas do PDI…

- Ademais tamén levamos a cabo propostas conxuntas específicas para Educación Infantil como un espazo de actividades terroríficas polo Samaín ou a pixamada anual que levamos a cabo antes das vacacións do Nadal.
- **En educación musical**: organizouse a asistencia a un concerto: "De aquí para alá coas emocións" de Lydia Botana. Foi unha actividade satisfactoria co traballo previo e posterior de aula.
- **En relixión**: O alumnado participou activamente en todas as actividades que se propuxeron co resto dos compañeiros.

### 13.1.3. Propostas de mellora para o seguinte curso

- Formación práctica para o día a día na aula do profesorado que atende a alumnado NEAE ou con dificultades.
- Incidir en propostas para o alumnado e familias baseadas na tolerancia e o sentimento de pertenza ao grupo. Atendendo especialmente á colaboración familia- escola naquelas aulas onde puidera haber máis tensión ou conflito.
- Crear un espazo de luz negra e de calma na aula de Psicomotricidade. A planificación, elaboración e organización debe de realizarse no conxunto do equipo de ciclo.
- Establecer máis canles de comunicación e xogo co ciclo 0-3 buscando que a transición dunha escola a outra sexa algo doado e natural para os máis pequenos.
- Fomentar unha participación máis activa do alumnado de Educación Infantil no consello da infancia.
- De cara ao vindeiro curso as propostas levadas a cabo durante as xornadas do PDI deben de ser máis manipulatvas e accesibles para o alumnado de Educación Infantil.
- Intentar buscar novas saídas interesantes e enriquecedoras para o noso alumnado.
- En educación musical: prever o uso da aula de psicomotricidade cando, na sesión anterior, existan actividades con movemento de material.
- En lingua estranxeira: poderíanse introducir máis material tanxible co cal os nenos e nenas interactuasen. Sería moi útil un espazo con materiais en inglés que os nenos poidan manipular.
- En relixión: Reducir ao máximo os criterios de avaliación. É unha etapa na que se repiten os contidos e a sesión semanal da que se dispón non é suficiente para abarcalos todos.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

#### 13.1.4. Outras observacións

- Sería interesante continuar traballando nas actividades que favorezan o medio ambiente, como rutina de contacto coa natureza.
- As propostas que implican estar en contacto con outros nenos e nenas de outras idades en diferentes espazos do centro son moi motivadoras para os máis pequenos, continuar nesta liña é enriquecedor.
- Seguir promovendo a colaboración familia-escola., Abrindo as aulas á participación activa das familias nalgunha proposta, como medio de achegamento e coordinación.
- No tocante á especialidade de psicomotricidade solicitar que, na medida do posible, non coincidan os especialistas a última hora da xornada, pois tendo en conta que o alumnado debe acudir 10 minutos antes que o resto ao comedor, máis o tempo de lavado de mans e preparación, deixa sesións moi curtas.
- En Educación Musical: sería necesario crear dous puntos de almacenamento de material, xa que a distribucións das aulas con respecto de onde se realiza a sesión de música non sempre é moi favorable.
- En relixión: A aula de relixión resulta bastante incómoda para o alumnado de infantil. As mesas e cadeiras habilitadas para o alumnado de primaria son moi altas para o alumnado de infantil, e deixan pouco espazo para desenvolverse axeitadamente nas mesas e cadeiras máis baixas co alumnado de infantil. O acceso tampouco está adaptado para eles, porque o desnivel situado ao lado da entrada faino bastante perigoso. Polo que respecta ao agrupamento do alumnado de 4º de infantil, resulta pouco viable para o correcto funcionamento do grupo, non en tanto polo número de alumnos, senón porque proveñen de aulas con diferentes hábitos e ritmos de traballo.

### 13.2. Memoria do 1º ciclo de Educación Primaria

#### 13.2.1. Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

En xeral a valoración do desenvolvemento das programacións é boa. Dado que a adquisición da lectoescritura foi máis lenta nalgún grupo de 1º EP, ralentizouse o desenvolvemento da programación. No 2º nivel, nas áreas de ciencias abordáronse algúns contidos de xeito globalizado durante o 3º trimestre.
A nivel xeral os resultados académicos do alumnado son satisfactorios, excepto o alumnado que precisou medidas de reforzo por presentar algún tipo de dificultades.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No 2º nivel de Educación Primaria, 3 alumnos non acadan os mínimos esixibles para promocionar ao seguinte curso.

- EDUCACIÓN FÍSICA: A valoración xeral da programación da área de Educación Física é positiva, desenvolvéndose con normalidade e realizando practicamente todas as actividades deseñadas inicialmente. Todo o alumnado acadou dunha maneira satisfactoria o grao mínimo de consecución de criterios de avaliación que marca a lexislación vixente. Igualmente o grao de consecución dos obxectivos foi positivo.

  Dunha maneira xeral, as melloras cualitativas e cuantitativas foron positivas en relación a cursos anteriores. Neste ciclo os resultados acadados nos diferentes grupos foron axeitados e reflexan a evolución esperada respecto a cursos anteriores.
- RELIXIÓN CATÓLICA: En 1º de Primaria: Un dos grupos con un nivel académico bastante diferente dos outros dous. Hai 2 alumnos aos que se lle realizou RE. A programación didáctica resultou moi extensa e dificultosa para este alumnado. Reducíronse contidos por esta causa.

  En 2º de Primaria: Gran diferencia de actitude entre os grupos, sendo o grupo máis numeroso o máis participativo nas clases. A programación didáctica resultou, posiblemente pola miña falta por baixa médica na 1ª avaliación, moi extensa e dificultosa para este alumnado. Reducíronse contidos por esta causa.
- MÚSICA E DANZA: Nos tres grupos de primeiro e nos tres de segundo, a programación foi levada a cabo correctamente. Os resultados son os esperados, salvo en 3 alumnos de 1ºA e 1 alumna de 2ºC que teñen pequenas dificultades. Esta valoración baséase nun promedio de 35 sesións. Resaltar que esta materia debería contar con 2 sesións semanais para obter melloras significativas no alumnado (coordinación, concentración, competencia matemática, expresión emocional, disciplina, habilidades sociais,…).
- LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS: Na materia de Inglés a valoración é, en xeral, positiva. Leváronse a cabo a maioría das actividades planificadas, con pequenas modificacións por imprevistos que xorden durante o curso e o 95% do alumnado acada os obxectivos mínimos.

  Destacar a boa actitude e disposición do alumnado de 2º EP cara ao inglés e a materia de EPV impartida na lingua estranxeira.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 13.2.2. Valoración xeral das actividades desenvolvidas polo departamento

As actividades en xeral, considérase que se levaron a cabo con normalidade e nalgúns casos foron excesivas e dificultaron o desenvolvemento das programacións , maiormente ao final do 1º e 3º trimestre.

- EDUCACIÓN FÍSICA: Desde o departamento, durante o presente curso realizáronse as seguintes actividades:
    - Actividade física diaria: todos os grupos realizaban unha sesión de 10 de actividade física extra un día á semana consistente na realización dun percorrido andando ou correndo.
    - Balonmán: visita do Clube Deportivo Carral para a realización, entre o 27 de novembro e o 1 de decembro, de xogos e actividades relacionadas con este deporte.
    - Día do deporte e da saúde: Xornada de diferentes xogos e actividades físicas realizadas o venres 5 e 12 do mes de abril.

  A valoración das actividades realizadas é positiva. As actividades desenvolvéronse en xeral axeitadamente segundo o programado e a participación e implicación do alumnado foi correcta.
- RELIXIÓN CATÓLICA: O alumnado participou en todas as actividades que se propuxeron co resto dos compañeiros/as.
- MÚSICA E DANZA: Neste curso, solicitouse unha actividade musical para 2ºEP (concerto didáctico) pero non fomos aceptados.
- LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS: En 2º EP dende a área de lingua estranxeira e Art, levouse a cabo un proxecto eTwinning con dous centros de Portugal, actividade enmarcada tamén no PDI de centro "Todas e todos temos unha historia que contar". A través do proxecto traballouse a figura de Leo Lionni, a súa arte, historia de vida e historias. Así mesmo, levouse a cabo ao longo de todo o curso o proxecto "Historias a través da Arte", e contribuíuse á tarefa final presentada nas xornadas do PDI.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9IZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 13.2.3. Propostas de mellora para o seguinte curso

Como propostas de mellora insistimos no ritmo lento á hora da realización das avaliacións psicopedagóxicas o que dificulta levar a cabo unhas medidas de reforzo máis axeitadas a cada caso.

En canto a xornadas do PDI deberíamos seleccionar as actividades aos distintos niveis e a tempo co que contamos para a visita da exposición.

Por outro lado, parte do profesorado do ciclo, incide na carga de actividades organizadas polos distintos equipos xa que resultou ser excesiva.

- EDUCACIÓN FÍSICA:
    - Ampliar a incorporación de novos programas relacionados coa actividade física e a saúde, propostos pola Consellería.
    - Fomentar e dinamizar a relación coas actividades físicas e deportivas do concello e da contorna.
    - Aumentar o tempo de práctica de actividade física na vida diaria do alumnado do centro con máis propostas de actividade física.
    - Compra de material para algunha actividade específica.
- RELIXIÓN CATÓLICA:
    - Continuar empregando unha metodoloxía activa que faga partícipes aos alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe, realizando tarefas de cooperación seguindo as pautas programadas.
    - Continuar cos apoios/reforzos educativos ao alumnado con dificultades.
- MÚSICA E DANZA: Neste curso solicitouse unha actividade complementaria de música que non foi concedida. Para o curso que ven tentarase buscar actividades que fomenten a aproximación a música e a danza.

- LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS
    - Implementar máis actividades que simulen situacións reais onde os estudantes deban usar o idioma en contextos prácticos.
    - Incluír algunha actividades complementaria relacionada coa lingua estranxeira (teatro, contacontos, concerto, ou similar)

- Maior coordinación á hora de programar e traballar a Lingua Estranxeira e a Educación Plástica e Visual nos cursos nos que xa está implantado o plurilingüismo (neste caso en todo o ciclo).

### 13.2.4. Outras observacións

Consideramos que o número actual de alumnado nas clases do 1º ciclo resultou moi satisfactorio á hora de levar a cabo as distintas actividades e de poder reforzar ao alumnado con máis dificultades.

- MÚSICA E DANZA: Este curso conseguiuse instalar unha estantería grande onde poder colocar o instrumental de música. Este feito mellorou notablemente o desenvolvemento das clases de música.
  Solicítase manter o espazo da aula de música tan importante para o correcto desenvolvemento artístico, creativo, emocional, musical e corporal de todo o alumnado do centro. Controlar os descoidos e incidentes da actividade extraescolar de danza na aula de música, para non estropear material de aula.
- LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS: É importante sinalar que estivemos outro ano máis sen Auxiliar de Conversa, a pesar de telo concedido por pertencer o centro á rede de centros plurilingües.
  Consideramos necesario ter tempos para a coordinación de todo o profesorado de lingua estranxeira, así como que a carga lectiva sexa a mesma que a dos mestres titores, xa que está desequilibrada respecto á das persoas titoras ao ser unha mestra compartida, outra xefa de estudos e a outra docente ter 23 h de clase.
  Cabe mencionar que nunca hai apoios na área de lingua estranxeira polo que a docente non sempre pode atender todas as necesidades do alumnado con dificultades.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## 13.3. Memoria do 2º ciclo de Educación Primaria

### 13.3.1. Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

O **3º nivel** de Educación Primaria está formado por 57 alumnos/as repartidos/as en tres grupos: 3ºA: 20, 3ºB 19 e 3ºC 18. Ademais, en 3ºA houbo unha nova incorporación no segundo trimestre.
A nivel xeral acadáronse os obxectivos propostos de maneira satisfactoria.

No 3º nivel:

- Sete alumnos/as reciben apoio por parte do mestre de PT dentro da aula ordinaria.
- Dezaseis alumnos/as reciben RE por parte da titora.
- Contamos con seis horas de apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Doce alumnos e alumnas reciben apoio por parte da mestra de AL.

Fixéronse pequenas modificacións da programación que afectaron principalmente a:

- Modificacións de porcentaxes nalgún criterio, por traballalo máis ou menos na aula así como o instrumento de avaliación.
- Reelaboración dalgún mínimo esixible para concretar máis os criterios de avaliación e favorecer así que un maior número de alumnado o alcanzase.
- Suprimíronse algúns criterios das áreas de matemáticas, lingua galega e lingua castelá por falta de tempo.

O **4º nivel** de Educación Primaria está formado por 62 alumnos/as repartidos/as en tres grupos: 4ºA: 21, 4ºB 21 e 4ºC 20. Os grupos continuaron coas mesmas titoras do curso anterior. Ademais, en 4ºA houbo dúas novas incorporacións, con respecto ao curso pasado, de dous alumnos/as que non promocionaron; en 4ºB unha procedente doutro centro educativo do territorio MEC, descoñecedora da lingua galega e de orixe colombiana e, en 4ºC tamén houbo dúas incorporacións (unha dunha alumna que non promocionou e que ven doutro centro e un alumno que procede doutra Comunidade Autónoma, polo que descoñece a lingua galega).
A nivel xeral acadáronse os obxectivos propostos de maneira satisfactoria.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No 4º nivel:

- Catro alumnos/as non promocionan. Un alumno promociona porque xa ten un ano máis e foi escolarizado un ano por abaixo do que lle correspondía por idade
- Sete alumnos/as reciben apoio por parte da mestra de PT dentro da aula ordinaria.
- Dous alumnos reciben apoio da mestra de AL nas horas de lingua.
- Trece alumnos/as reciben RE por parte da titora.
- Contamos con once horas de apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Fixéronse pequenas modificacións da programación que afectaron principalmente a:

- Modificacións de porcentaxes nalgún criterio, por traballalo máis ou menos na aula así como o instrumento de avaliación.
- Reelaboración dalgún mínimo esixible para concretar máis os criterios de avaliación e favorecer así que un maior número de alumnado o alcanzase.
- Suprimíronse os criterios 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 das áreas de lingua galega e lingua castelá por falta de tempo.

**EDUCACIÓN FÍSICA**

A valoración xeral da programación da área de Educación Física é positiva, desenvolvéndose con normalidade e realizando practicamente todas as actividades deseñadas inicialmente. Todo o alumnado acadou dunha maneira satisfactoria o grao mínimo de consecución de criterios de avaliación que marca a lexislación vixente. Igualmente o grao de consecución dos obxectivos foi positivo.

Dunha maneira xeral, as melloras cualitativas e cuantitativas foron positivas en relación a cursos anteriores. Neste ciclo os resultados acadados nos diferentes grupos foron axeitados e reflexan a evolución esperada respecto a cursos anteriores.

**RELIXIÓN**

Houbo 4 alumnos aos que se lle realizou RE. A programación didáctica resultou, moi extensa e dificultosa para este alumnado. Reducíronse contidos por esta causa.

Houbo 2 alumnos aos que se lle realizou RE. A programación didáctica resultou, posiblemente pola miña falta por baixa médica na 1ª avaliación, moi extensa e dificultosa para este alumnado. Reducíronse contidos por esta causa.

**MÚSICA**

Nos tres grupos de terceiro e nos tres de cuarto, a programación foi levada a cabo correctamente. Os resultados son os esperados, salvo en 1 alumno de 3ºB, 1 alumno de



Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3ºC, 1 alumno de 4ºA, 2 alumnos de 4ºB e 1 alumnos de 4ºC que presentan pequenas dificultades.

Esta valoración baséase nunha media de 35 sesións. Resaltar que esta materia debería contar con 2 sesións semanais para obter melloras significativas no alumnado (coordinación, concentración, competencia matemática, expresión emocional, disciplina, habilidades sociais,...).

**INGLÉS**

Na materia de Inglés, malia haber unha notable mellora por parte da maioría do alumnado, aprécianse moitas carencias na constancia e hábito de traballo que require a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

En liñas xerais, leváronse a cabo todas as actividades planificadas, aínda que por imprevistos que xorden durante o curso, houbo contidos que non se deron.

### 13.3.2. Valoración xeral das actividades desenvolvidas polo departamento

Valoramos positivamente:

- As actividades ofertadas polo Concello: taller de robótica, educación viaria e educación emocional.
- Os acompañamentos lectores promovidos desde o Equipo de Biblioteca.
- Os encontros con escritores/as.
- As saídas didácticas realizadas á Domus, á Casa das Ciencias, a Poboaventura e ao concerto didáctico.
- A actividade de Orientación organizada polo mestre de Educación Física así como a saída á área recreativa da Brexa.

A saída realizada ao Aquarium polo alumnado de 3º EP non estivo ben organizada por parte da entidade por atender a dous colexios ao mesmo tempo (non eran da mesma idade) e o monitor non foi quen de manter a atención do alumnado.

Participamos nas actividades complementarias ofertadas polos diferentes equipos.

**EDUCACIÓN FÍSICA**

Desde o departamento, durante o presente curso realizáronse as seguintes actividades:

- Actividade física diaria: todos os grupos realizaban unha sesión de 10' de actividade física extra un día á semana consistente na realización dun percorrido andando ou correndo.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Balonmán: visita do Club Deportivo Carral para a realización, entre o 27 de novembro e o 1 de decembro, de xogos e actividades relacionadas con este deporte.
- Día do deporte e da saúde: Xornada de diferentes xogos e actividades físicas realizadas o venres 5 e 12 do mes de abril.
- Orientación: visita do Club Deportivo Gallaecia aos grupos de 4º para a realización o día 23 de maio, dunha charla teórica e xogos relacionados con este deporte.
- Saída camiñando á área recreativa da Brexa, situada no propio concello, co alumnado de 4º de primaria para facer diferentes xogos o día 13 de xuño.

A valoración das actividades realizadas é positiva. As actividades desenvolvéronse en xeral axeitadamente segundo o programado e a participación e implicación do alumnado foi correcta.

**RELIXIÓN**

O alumnado participou en todas as actividades que se propuxeron co resto dos compañeiros.

**MÚSICA**

Neste curso levouse a cabo a actividade solicitada para 4ºEP coas seguintes valoracións:

- Concerto didáctico da OSG: primeira vez que acoden a un concerto deste tipo. Planificación mellorable xa que había centos de nenos e decenas de autobuses en pouco espazo. Ben aceptado polo alumnado, xa que o comportamento foi adecuado e manifestaron ter desfrutado. Puidemos aproveitar para afondar nalgún aspecto concreto da programación.

**INGLÉS**

Non se levaron a cabo actividades complementarias na materia de lingua estranxeira.

### 13.3.3. Propostas de mellora para o seguinte curso

- Seguir dedicando tempo á resolución de conflitos e a adquisición de habilidades sociais que permitan que as relacións entre os alumnos/as sexan mellores.
- Continuar empregando unha metodoloxía activa que faga partícipes aos alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe, realizando tarefas de investigación, proxectos, traballo en grupo....

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Facer fincapé na comprensión de textos escritos, tanto de forma literal como inferencial.
- Traballar o cálculo mental para mellorar o sentido numérico; mellorar a comprensión e o razoamento e, polo tanto, a resolución de problemas; fomentar o pensamento abstracto; mellorar a memoria a curto e longo prazo…
- Incidir na expresión oral, sobre todo en lingua galega, xa que o noso alumnado é castelán falante maioritariamente e no presente curso atopamos dificultades neste sentido.
- Continuar cos apoios ao alumnado con dificultades por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria que valoramos moi positivamente.
- Asemade, consideramos que se debe continuar con programas de Reforzo (PROA) para atender ao alumnado vulnerable ou a aquel que presenta dificultades de aprendizaxe.

**EDUCACIÓN FÍSICA**

- Ampliar a incorporación de novos programas relacionados coa actividade física e a saúde, propostos pola consellería.

- Fomentar e dinamizar a relación coas actividades físicas e deportivas do concello e da contorna.

- Aumentar o tempo de práctica de actividade física na vida diaria do alumnado do centro con máis propostas de actividade física.

- Compra de material para algunha actividade específica.

**RELIXIÓN**

- Continuar empregando unha metodoloxía activa que faga partícipes aos alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe, realizando tarefas de cooperación seguindo as pautas programadas.

- Continuar cos Reforzos educativos ao alumnado con dificultades.

**MÚSICA**

Continuar preparando unha programación que encaixe coa temática do PDI do centro e algunha conmemoración.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**INGLÉS**

- Implementar máis actividades que simulen situacións reais onde os estudantes deban usar o idioma en contextos prácticos.
- Continuar rutinas que axuden a afianzar estruturas básicas, revisando contidos ao longo do curso.
- Buscar a creación de tarefas específicas que os estudantes deben completar usando o idioma, como escribir correos electrónicos, blogs ou presentacións.
- Incluír algunha actividades complementaria relacionada coa lingua estranxeira (teatro, contacontos ou similar).

### 13.3.4. Outras observacións

Unha parte do profesorado que imparte clase no ciclo considera que os recreos deberían ser en horario diferenciado por etapas para que todo o alumnado poida saír ao patio e para evitar certas situacións caóticas (en días de choiva) que se deron ao longo do curso.
Ademais, consideramos que o tempo de visita ao PDI foi escaso, non dando tempo ao alumnado de desfrutar de todo o traballo realizado polos seus compañeiros/as. Consideramos positivo que os pequenos vaian acompañados dos maiores, aínda que debería terse en conta o grao de autonomía do alumnado (Por exemplo, este curso o alumnado de 3ºEP foi co alumnado de 3 anos e dificultou a visita para ambos grupos).
Consideramos que as probas de avaliación diagnóstica:

- Non se adaptan á realidade educativa de cada centro.
- Non están ben expostas ao poñer textos para avaliar a escrita pouco comúns e audios demasiado longos (entre outras cousas). Ademais fanse os exames sucesivos en so dous días o que vai en contra das características e idade do alumnado.
- Non teñen en conta as necesidades educativas do alumnado. Por exemplo, para un alumno/a con TDAH non se lle poden suprimir exercicios e, tendo en conta as súas características, resúltalles difícil realizar a proba completa.

Dende a área de Lingua Estranxeira, considérase importante sinalar que estivemos outro ano máis sen Auxiliar de Conversa, a pesares de ter unha asignada por pertencer o centro á rede de centros plurilingües. Asemade, mencionar que en ningunha das horas da materia existen apoios para o alumnado con necesidades.
Música e danza: Controlar os descoidos e incidentes da actividade extraescolar de danza na aula de música, para non estragar material de aula.
Este curso conseguiuse instalar un andel grande onde poder colocar o instrumental de música. Este feito mellorou notablemente o desenvolvemento das clases de música.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Solicítase manter o espazo da aula de música tan importante para o correcto desenvolvemento artístico, creativo, emocional, musical e corporal de todo o alumnado do centro.

## 13.4. Memoria do 3º ciclo de Educación Primaria

### 13.4.1. Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

#### Desenvolvemento das programacións didácticas

No 3º ciclo da Educación Primaria consideremos que o grao de consecución dos obxectivos xerais propostos nas programacións foi alto. Porén, nas aulas de 5º e 6º de Educación Primaria non foi posible desenvolver todas as actividades previstas na programación didáctica, dado que na maioría de unidades foi preciso aumentar o número de sesións previstas inicialmente. As modificacións realizadas nas diferentes unidades didácticas pódense consultar no apartado "seguimento" da correspondente programación.

#### Resultados académicos do alumnado

Todos/as os/as alumnos/as de 5º promocionan para 6º, tal e como se recolle na *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación da Educación Primaria*. Da mesma forma, tamén promociona a totalidade do alumnado de sexto curso.

En liñas xerais, podemos afirmar que os resultados da avaliación son positivos, dado que a maioría do alumnado supera todas as materias. Con respecto ao alumnado que non supera algunha das áreas, deberanse levar a cabo no vindeiro curso reforzos que permitan que recupere as aprendizaxes non adquiridas durante este. No caso do alumnado que remata a etapa educativa con áreas suspensas, inclúense nos informes finais de etapa as medidas a levar a cabo no vindeiro curso

A valoración xeral da programación da área de Educación Física é positiva, desenvolvéndose con normalidade e realizando practicamente todas as actividades deseñadas inicialmente. Todo o alumnado acadou dunha maneira satisfactoria o grao mínimo de consecución de criterios de avaliación que marca a lexislación vixente. Igualmente o grao de consecución dos obxectivos foi positivo.

Dunha maneira xeral, as melloras cualitativas e cuantitativas foron positivas en relación a cursos anteriores. Neste ciclo os resultados acadados nos diferentes grupos foron axeitados e reflexan a evolución esperada respecto a cursos anteriores.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na materia de Inglés, houbo notable mellora por parte do alumnado en xeral, aínda que se aprecian moitas carencias na constancia e no hábito de traballo que require a aprendizaxe dunha lingua estranxeira. En liñas xerais, leváronse a cabo todas as actividades planificadas, con pequenas modificacións na temporalización por imprevistos que xorden durante o curso. Cómpre especificar que, en 6º de EP precisan un maior traballo da oralidade, xa que á a destreza na que amosan maior dificultade. Doutra banda, en relación coa área de música e danza, considérase que a programación foi levada a cabo correctamente en todo o ciclo. Os resultados son os esperados, salvo en 1 alumno de 6ºB e 1 alumno de 6ºC que presentaron dificultades durante todo o curso. Esta valoración baséase nun promedio de 35 sesións. Resaltar que esta materia debería contar con 2 sesións semanais para obter melloras significativas no alumnado (coordinación, concentración, competencia matemática, expresión emocional, disciplina, habilidades sociais...).

Finalmente, na área de relixión, destacar que en 5º curso houbo 2 alumnas ás que se lle realizou RE na 1ª avaliación, pero que xa non foi necesaria de aí en adiante. Houbo unha incorporación dunha alumna cando xa estaba comezado o curso, pero non tivo ningún problema de adaptación na aula. No caso de 6º, apréciase unha gran diferencia de actitude entre os grupos, sendo o grupo máis numeroso o máis participativo nas clases. A programación didáctica resultou, en ambos cursos, moi extensa e dificultosa, polo que se reduciron os contidos.

### 13.4.2. Valoración xeral das actividades desenvolvidas polo departamento

A valoración do funcionamento do equipo do 3º ciclo é positiva. As actividades desenvolvéronse en xeral axeitadamente segundo o programado e a participación e implicación do alumnado foi correcta. Estas actividades foron, entre outras:

- Conmemoracións celebradas a nivel de centro, como o Día da Muller (8 de marzo), o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero (25 de novembro) ou o Día do Libro (23 de abril).
- Actividades relacionadas co PDI do centro "Todos e todas temos unha historia que contar", entre as que salienta a gran participación do alumnado e familias na xornada de portas abertas do 30 de maio.
- Diferentes obradoiros, como o de Educación Emocional con Naiara, o de poesía con Dores Tembrás, o obradoiro da Reserva da Biosfera en 5º de EP ou o de gaita para 6º de EP.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Saídas extraescolares: visita a SOGAMA e participación nas xornadas XOGADE de ambos niveis, a visita ao MUNCYT de 5º de EP, visita as instalacións de Emalcsa, a Lugo, a Fundación María José Jove, a Fervenzaventura ou a participación no Día da Ciencia na Rúa por parte de 6º de EP.
- Realización de "acompañamentos lectores" a longo de todo o curso.

Na área de relixión, considérase que o alumnado participou en todas as actividades que se propuxeron co resto dos compañeiros/as.

No que respecta á área de Educación Física, durante o presente curso realizáronse as seguintes actividades:

- Actividade física diaria: todos os grupos realizaban unha sesión de 10' de actividade física extra un día á semana consistente na realización dun percorrido andando ou correndo.
- Recreos deportivos: todos os grupos realizaron dous días á semana voluntariamente diferentes xogos e deportes durante o tempo de recreo. Os grupos de 5º luns e mércores e os grupos de 6º martes e xoves.
- Visita ao rocódromo de Riazor dos grupos de 6º para facer escalada e recibir unha charla sobre o deporte de orientación a través do Clube Agrupación de Montañeiros Independentes.
- Balonmán: visita do Clube Deportivo Carral para a realización, entre o 27 de novembro e o 1 de decembro, de xogos e actividades relacionadas con este deporte.
- Día do deporte e da saúde: Xornada de diferentes xogos e actividades físicas realizadas o venres 5 e 12 do mes de abril.
- XOGADE: participación de dúas xornadas de actividades físicas multideportivas en colaboración con outros centros da contorna. Días 17 de xaneiro, 1 de febreiro, 27 de febreiro e 19 de abril.

En relación coa área de lingua estranxeira, o alumnado de 6º EP participou por primeira vez no programa da Spring Week, sendo a valoración da actividade positiva, destacando o bo comportamento do alumnado participante.

Finalmente, no que respecta á área de Música e danza, neste curso levouse a cabo a actividade solicitada para 6ºEP "Obradoiro de gaita e concerto de música tradicional galega". Considérase que houbo unha planificación e organización moi boa. Desenvolveuse no centro e de forma gratuíta. Os nenos foron partícipes nas dúas partes da actividade. Interactuaron positivamente tocando, preguntando e experimentando.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 13.4.3. Propostas de mellora para o seguinte curso

Unha vez rematado o curso 2023/2024, as persoas titoras consideran axeitadas as seguintes propostas de mellora para o vindeiro curso:

- Na área de Matemáticas: procurar respectar mellor a temporalización da programación para poder abordar axeitadamente os contidos enmarcados nas derradeiras unidades didácticas (neste caso, relativas á xeometría). Tamén é necesario reforzar os contidos facendo uso de materiais manipulativos e poñer atención especial na comprensión e resolución de problemas, verbalizando o proceso de resolución. Ademais, no caso de sexto as persoas titoras consideran que a programación se debería adaptar aos cambios sinalados no seguimento, agrupando contidos de medida con superficie e volume, e tendo presente que no primeiro trimestre é importante dedicar moito tempo ao traballo das operacións matemáticas básicas (especialmente nas multiplicacións, divisións e traballo con decimais).
- Nas áreas de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza: afondar na realización de experimentos e traballos de investigación relacionados cos contidos que se estean a traballar. Tamén no caso de sexto as persoas titoras consideran que a programación se debería adaptar aos cambios sinalados no seguimento.
- Nas áreas lingüísticas: obsérvase a necesidade de traballar a análise sintáctica, xa que neste curso só se fixo unha aproximación a ela, así como aos tempos verbais. Tamén é necesario potenciar o hábito lector e a expresión oral e escrita (sobre todo en lingua galega). En sexto curso en xeral todos os contidos foron traballados con suficiencia, se ben se considera que habería que dar máis cabida a contidos relacionados coa expresión e comprensión oral.
- Na área de Educación Plástica e Visual: obsérvase a necesidade de mellorar a tolerancia á frustración e a perseverancia.
- Na área de Educación Física: proponse ampliar a incorporación de novos programas relacionados coa actividade física e a saúde, propostos pola Consellería. Tamén fomentar e dinamizar a relación coas actividades físicas e deportivas do concello e da contorna. Cómpre ademais aumentar o tempo de práctica de actividade física na vida diaria do alumnado do centro con máis propostas de actividade física. Finalmente, sería necesario a adquisición de material para algunha actividade específica.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Na área de Relixión Católica: considérase axeitado continuar empregando unha metodoloxía activa que faga partícipes aos alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe, realizando tarefas de cooperación seguindo as pautas programadas; así como continuar cos reforzos educativos ao alumnado con dificultades.
- Dende a área de Lingua Estranxeira, proponse:
  - Implementar máis actividades que simulen situacións reais onde os estudantes deban usar o idioma en contextos prácticos.
  - Planificar e secuenciar tarefas específicas que os estudantes deben completar usando o idioma, como escribir correos electrónicos, blogs ou presentacións.
  - Levar a cabo algunha actividade complementaria relacionada coa lingua estranxeira (teatro, contacontos ou similar).
- Na área de música e danza: continuar preparando unha programación que encaixe coa temática do PDI do centro e algunha conmemoración.

Ademais, a nivel xeral, proponse:

- Reforzar os materiais propostos polo proxecto E-Dixgal con outros de elaboración propia.
- Potenciar o traballo en equipo.
- Incidir na prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Mellorar o hábito lector e os hábitos de estudo e de responsabilidade.
- Reducir os tempos de exposición a pantallas.
- Continuar a participar no programa PROA+.

### 13.4.4. Outras observacións

- Consideramos importante sinalar que estivemos outro ano máis sen Auxiliar de Conversa, a pesar de que o centro tivo unha persoa nomeada para este posto, esta non se incorporou e non buscaron solución ou alternativa.
- Nunca hai  apoios na área de lingua estranxeira, polo que en ocasións resulta difícil atallar certas dificultades do alumnado.
- En relación coa área de Música e danza, cómpre controlar os descoidos e incidentes da actividade extraescolar de danza na aula de música, para non estropear material de aula.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Este curso conseguiuse instalar unha estantería grande onde poder colocar o instrumental de música. Este feito mellorou notablemente o desenvolvemento das clases de música.
- Solicítase manter o espazo da aula de música tan importante para o correcto desenvolvemento artístico, creativo, emocional, musical e corporal de todo o alumnado do centro.

## 14. MEMORIA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### 14.1. Introdución

A elaboración da Memoria do Departamento de Orientación (DO) ven recollida na *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*, que no seu art. 11º b) determina que «é función da xefatura do departamento de orientación responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso». No art.15.2. desta orde faise referencia a que ao final de curso os departamentos realizarán unha memoria na que se recollerán, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.
b) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
c) Conclusións e propostas concretas de mellora.

No curso 2023/24 o DO desenvolveu o seu traballo de apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe dende os principios de normalización, integración e inclusión. A atención integral ao alumnado con NEAE iniciouse dende o mesmo momento no que a necesidade foi detectada. Coa elaboración desta memoria preténdese contribuír á mellora da calidade da oferta educativa deste centro para o próximo curso 2024/2025. Seguindo a *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (LOE) e a *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro que a modifica*, un dos nosos principios básicos é contribuír precisamente á calidade, cooperación, equidade, igualdade de oportunidades, non discriminación, eficiencia na asignación de recursos públicos, transparencia y rendición de contas. Ademais, tamén nos baseamos nun esforzo compartido por toda a nosa comunidade educativa. Para realizar esta memoria establecéronse puntos de encontro e colaboración entre os diversos profesionais. Deste xeito, poderase elaborar para o vindeiro curso un Plan Anual de Actividades do DO máis axeitado ás necesidades do centro, do profesorado, do alumnado e das familias que o conforman.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 14.2. Catalogación, constitución e horario

No referido á catalogación, o DO do CEIPP Vicente Otero Valcárcel ten adscrito o CEIP de Tabeaio, estando o primeiro adscrito ao IES de Carral.

O 5 de setembro de 2023, procedeuse á constitución do departamento segundo sinala o artigo 4 de *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*; quedando constituído polo seguinte profesorado:

**Cadro 1**. *Composición do Departamento de Orientación*.

| EQUIPO: compoñentes | | NOME E APELIDOS |
|---|---|---|
| Xefa do DO | | Eva Mª López Díaz (compartida) |
| Mestra PT-1 | | Lidia Bello Novo |
| Mestra PT-2 | | Sabela Pastoriza Infante |
| Mestre PT- Atención preferente | | Emilio M. González Villamil |
| Mestra AL-1 | | Mª Ángela Precedo No |
| Mestre AL-2 | | Marta López Geada |
| Profesorado coordinador de ciclo | Educación Infantil | Jéssica Gómez Ponte |
| | 1º ciclo | Verónica Martínez Grandío |
| | 2º ciclo | Cristina Pedreira Fuentes |
| | 3º ciclo | Andrea Méndez Cores |

Debido á baixa de dous membros do Departamento, incorporáronse como membros do DO os seguintes especialistas:

- Víctor Caamaño Huelin, mestre especialista en PT, substituíndo a Sabela Pazos Infante.
- Mabel Varela García, mestra especialista en AL, substituíndo a Marta López Geada.

O horario da Xefatura do Departamento de Orientación durante o presente curso escolar foi o seguinte:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| **09:20 - 10:10** | Atención familias | Coordinación con servizos externos | Orientación | Orientación | Atención familias |
| **10:10 – 11:00** | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |
| **11:00 – 11:50** | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |
| **11:50 – 12.20** | Recreo | | | | |
| **12:20 – 12:40** | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |
| **12:40 – 13:30** | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **13:30 - 14:20** | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |
| **15:30 – 16:30** | Reunións | | | | |
| **16.30 - 17.30** | Atención familias | | | | |
| **17.30 – 18.30** | Reunións | | | | |

O luns pola tarde, de 15:30 a 18:30, foi o día de permanencia no centro: de 15:30 a 16:30 celebráronse as reunións semanais de coordinación do profesorado especialista de PT e AL coa XDO, de 16:30 a 17:30 a hora destinada á atención ás familias, de 17:30 a 18:30 hora dedicada a reunións de ciclo (a orientadora está adscrita ao 2º ciclo de Educación Infantil), reunións de equipos de coordinación docente (a orientadora está adscrita ao Equipo de Convivencia e Benestar), reunións de CCP, Claustros e reunións mensuais do DO completo. A orientadora desprazouse ao centro adscrito, sempre que foi preciso, para cumprir as funcións de orientación nese centro e atender ás necesidades que xurdiron no mesmo ao longo do deste curso escolar.

### 14.3. Estatísticas do Departamento de Orientación

Tendo en conta as diversas actuacións que se levaron a cabo desde o DO co fin de acadar os obxectivos do Plan de Orientación, a continuación recollemos dous cadros referidos á estatísticas relativas a atención á diversidade:

**Cadro 2.** *Alumnado con NEAE do CEIPP Vicente Otero Valcárcel*

| ALUMNADO CON NEAE | | |
|---|---|---|
| **VALORACIÓN** | | **Nº** |
| NEE por discapacidade | Motora | 1 |
| | Intelectual | 1 |
| | Sensorial | 0 |
| | Plurideficiencias | 1 |
| Trastornos graves de conduta | | 1 |
| Trastorno do espectro autista (TEA) | | 10 |
| Trastorno grave da comunicación e a linguaxe | | 1 |
| Trastorno por déficit de atención con Hiperactividade ou TDAH | | 9 |
| Dificultades específicas de aprendizaxe | | 25 |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| Atraso no desenvolvemento da linguaxe | 14 |
| Dificultades psicolingüísticas articulatorias (Dislalias) | 10 |
| Mutismo selectivo | 1 |
| Altas capacidades intelectuais | 3 |
| Incorporación tardía ao sistema educativo | 6 |
| Condicións persoais ou de historia escolar | 20 |

| ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | | |
|---|---|---|
| **Indicadores** | | **Nº total** |
| Alumnos/as que recibiron apoio de PT | | 42 |
| Alumnos/as que recibiron apoio de AL | | 44 |
| Informes psicopedagóxicos realizados pola Orientadora | | 24 |
| Informes para solicitar atención educativa hospitalaria | | 0 |
| Informes para solicitar atención educativa domiciliaria | | 0 |
| Informes de derivación aos Centros Cívico (apoio extraescolar) | | 5 |
| Informe previsión de alumando NEAE 2024/25 | Para a Inspectora de zona | 1 |
| | Para o IES | 1 |
| Outros alumnos/as que foron obxecto de valoración polo DO | | 2 |
| Informes de derivación a Saúde Mental Infanto-Xuvenil | | 7 |
| Informes para Atención Temperá | | 2 |
| Informes de seguimento | | 13 |
| Informes solicitados por Menores/ Fiscalía... | | 6 |
| Bolsas NEAE (MECD, Curso 2023/24) | Informes emitidos | 7 |
| | Concedidas | 6 |
| Ditames de escolarización | | 3 |
| Avaliacións iniciais para a admisión do alumnado | | 5 |
| Adaptacións curriculares | | 3 |
| Alumnos/as que non promocionaron ao curso seguinte (2024/25) | | 7 |
| Alumnos/as que flexibilizaron | En Educación Infantil | 0 |
| | En Educación Primaria | 0 |
| Demanda da intervención do EOE (2023/24) | | 3 |
| Demanda de intervención da UACO | | 5 |
| Notificacións RUMI | | 6 |
| Entrevistas con familias | | 57 |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | |
|---|---|---|
| Reunión con diversos axentes | Inspectora da zona | 0 |
| | Servizos sociais | 4 |
| | EOE | 0 |
| | Instituto adscrito | 1 |
| | Servizo de Atención Temperá (SAT) | 3 |
| | Servizos e Gabinetes externos | 3 |
| | UACO | |

Os dous cadros presentados nos parágrafos anteriores pretenden ser unha síntese visual na que se recolle parte da labor que o DO veu desenvolvendo ao longo do curso. Sen embargo, houbo máis actuacións que non figuran nestes cadros.

### 14.4. Valoración do grao de consecución dos obxectivos

En xeral, os obxectivos que desde o DO se propuxo ao principio de curso no Plan de Actividades do Departamento de Orientación, fóronse cumprindo na súa maioría, aínda que algúns se modificaron en función das necesidades.

***Cadro 4.*** *Grao de consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación.*

| ACTUACIÓNS | | A | AP | NA |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Asesoramento ás familias, certificados e informes para a solicitude de bolsas e axudas para alumnado con NEAE | X | | |
| 2 | Redacción e aprobación do Plan Anual de actividades do DO (PAAO). | X | | |
| 3 | Revisión do Plan de Orientación (PO). | | | X |
| 4 | Proposta da organización dos apoios de PT e AL. | X | | |
| 5 | Proposta de organización da atención aos alumnos na aula de PT e AL. | X | | |
| 6 | Proposta da organización dos horarios do persoal coidador (PAC) | X | | |
| 7 | Participación nas sesións de avaliación. | X | | |
| 8 | Realización das AC propostas no curso anterior. | X | | |
| 9 | Realización de avaliacións psicopedagóxicas e informes. | X | | |
| 10 | Proposta de organización dos apoios do PROA+ | X | | |
| 11 | Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación. | X | | |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12 | Avaliación do PAAO. | X | | |
| 13 | Avaliación do PO. | | | X |
| 14 | Proposta e planificación de actividades para a conmemoración do "Día internacional das persoas con diversidade funcional" (3 de decembro) | X | | |
| 15 | Elaboración dos informes do alumnado que remata etapa e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica. | X | | |
| 16 | Redacción da memoria do DO. | X | | |
| 17 | Proposta de apoios e AC para o vindeiro curso | X | | |
| 18 | Asesoramento á comunidade educativa. | X | | |
| 19 | Colaboración co profesorado na cumplimentación de documentos de avaliación. | X | | |
| 20 | Elaboración e proposta de adquisición de material do Departamento. | | X | |
| 21 | Asesoramento na realización e seguimento das AC. | X | | |
| 22 | Asesoramento xeral na acción titorial. | X | | |
| 23 | Asesoramento e colaboración na elaboración/revisión de documentos do centro. | X | | |
| 24 | Participación no Equipo de Convivencia e Benestar do centro, propoñendo e colaborando en actuacións promotoras da Convivencia. | X | | |
| 25 | Coordinación e establecemento de canles de comunicación entre os profesionais que atenden os nenos e nenas e os organismos externos ao centro. | X | | |
| 26 | Redacción de informes solicitados por Inspección, Servizos Sanitarios, Menores e outros servizos externos. | X | | |

** **A**=Acadado. ** **AP**=Acadado parcialmente. *** **NA**= Non acadado.*

Das actividades programadas ao comezo do curso, houbo algunhas que, por diversos motivos, se realizaron parcialmente ou que non se acadaron. De entre todas elas, cabe subliñar a falta de revisión e avaliación do Plan de Orientación. A pesar de ser unha actividade fundamental o manter actualizados os plan e proxectos para que sirvan como guías de actuacións, non foi posible actualizar neste curso todos os documentos do DO debido basicamente á falta de tempo por parte da Orientadora. Actualizouse o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Tampouco puidemos actualizar e renovar os instrumentos de avaliación do Departamento de Orientación. Ademais de resultar caras as probas, tamén nos obrigaba a adquirir novas versións revisadas desas probas dado que as anteriores xa non se comercializan.

## 14.5. Valoración da implicación e participación dos diferentes profesionais

### 14.5.1. Orientación para a organización e funcionamento do centro

Entre os diversos obxectivos acadados en relación ao Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación:

- Coordinación con distintos **axentes externos e institucións**:
  - **Cos especialistas do EOE**:
    - * Trastornos graves de conduta: solicitouse a intervención do EOE para tres alumnos, quedando sen atender.
  - **Co DO do IES de Carral**: coordináronse accións para facilitar o tránsito do alumnado de 6º de EP ao IES e proporcionouse información aos membros do DO do IES. A final de curso, no mes de xuño, fíxose entrega da previsión do alumnado con NEAE comentando as súas dificultades e necesidades máis relevantes, realizándose os correspondentes informes do alumnado con NEAE que pasa a ESO.
  - **Con Centro de Saúde e USMIX**: remitíronse informes sobre algúns alumnos/as.
  - **Con Servizos Sociais**: coordináronse as accións con respecto ao alumnado máis vulnerable.
  - **Coa UACO**: Dende o DO solicitouse a intervención da unidade de acompañamento e orientación persoal e familiar (UACO), sendo a persoa responsable desta unidade a docente Guadalupe Pariente Mancera, quen acompañou e fixo un seguimento personalizado do alumnado máis vulnerable, colaborando coas súas familias e coordinarase cos docentes e departamento de orientación, e actuando como canle de comunicación directa entre o centro educativo, as familias, administracións e outras entidades (concello, redes socioeducativas, servizos sanitarios, ...).
  - **Profesionais de Gabinetes Psicopedagóxicos Externos**: establecéronse canles de comunicación con estes gabinetes a través de reunións, con previa autorización da familia, especialmente para facerlle seguimento ao alumnado perceptor das Bolsas NEAE.
- Cumprimentouse o cuestionario de recollida de datos estatísticos de atención á diversidade (**DRDADI**) mediante a aplicación informática, a través do enderezo https://www.edu.xunta.es/drdadi

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Cumprimentouse a final do curso escolar o cuestionario de recollida de datos estatísticos de orientación (**DRDORIENTA**) mediante a aplicación informática, a través do enderezo https://www.edu.xunta.es/drdorienta
- Elaborouse a Memoria Final do Departamento de Orientación a finais de xuño.

### 14.5.2. Orientación e colaboración co profesorado

- Mantivéronse reunións semanais de coordinación coa especialista en AL e PT nas que se realizou o seguimento do alumnado con NEAE e se propuxeron novas directrices de intervención.
- En colaboración co profesorado especialista en AL e PT, elaboráronse e reelaboráronse (despois de cada avaliación), os horarios de apoio ao alumnado con NEAE.
- Colaborouse na detección das NEAE e no tratamento das mesmas.
- No terceiro trimestre reunímonos co profesorado para preparar transición ás diferentes etapas educativas.

### 14.5.3. Orientación co alumnado

- Realizáronse avaliacións psicopedagóxica do alumnado. Tamén se revisaron e ampliaron avaliacións psicopedagóxicas.
- Entrevistouse algún alumnado sen avaliación psicopedagóxica, pero con dificultades persoais que incidían negativamente no seu rendemento escolar.
- **Colaboración co Departamento de Orientación do IES de Carral,** ao que o centro está adscrito, para coordinar as accións que se toman para o tránsito do alumnado de 6º de EP ao IES e posterior información aos membros do DO. O alumnado de 6º fixo unha visita ao IES, guiada polo orientadora do mesmo e explicativa das instalacións. O día 26/06/2024, celebrarase unha reunión co DO do IES, para informarse máis a fondo do alumnado que acudirá ao IES para o vindeiro curso, entrevistándose co profesorado titor de 6º e o DO do CEIPP. Deste xeito, preténdese organizar os apoios e a distribución do alumnado de cara ao 1º curso da ESO.

### 14.5.4. Orientación ás familias

- Mantivéronse entrevistas coas familias do alumnado, ás veces por petición da familia, e outras por petición do profesorado titor, aos que se lles realizou unha

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

avaliación psicopedagóxica, e unha vez rematado a avaliación, informóuselles sobre seus os resultados.

- Informóuselles das diversas bolsas que podían solicitar os seus fillos e fillas.
- Individualmente, nos casos que o precisaron, informóuselles tamén sobre determinadas características dos seus fillos e fillas, ofrecéronselles pautas concretas de actuación por escrito (normas e límites, estimulación da linguaxe) e orientóuselles no uso de recursos e servizos do contorno (Asistencia Social do Concello, Saúde Mental...) como complemento a acción educativa desenvolvida no centro.

### 14.6. Dificultades atopadas

Entre as principais dificultades coas que nos atopamos para desenvolver o Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación, sinalamos as seguintes:

- O apoio da AL, a pesar contar con dous especialistas (unha compartida), non foi suficiente para atender e a todo o alumnado debido a gran cantidade de alumnado con necesidade de apoio. No centro hai varios casos de alumnado con NEE permanentes que precisan recibir un maior número de sesións por semana para traballar en profundidade as súas severas dificultades na área da Linguaxe. Ademais, houbo alumnado sobre todo de 4º e 5º de EI que a pesar de evidenciar dificultades psicolingüísticas non foi posible darlles apoio.
- Sobrecarga de traballo do profesorado especialista en PT e AL, debido ao elevado índice de alumando con NEAE.
- Dificultades para levar a cabo os programas de intervención con determinado alumnado polo seu absentismo.
- Dificultades para poder atender a todos os alumnos e alumnas así como ás súas familias, dada a ratio elevada de alumnado por Orientadora entre os dous centros.
- Falta de probas actualizadas para medir diversas capacidades cognitivas. Algunhas das que hai no DO carecen de validez, non están estandarizadas ou figuran como xa desfasadas. Ademais, tamén faltan instrumentos para avaliar aspectos máis específicos como a atención, hiperactividade, lateralidade ou estado emocional. Antes de comprar máis probas, consideramos que primeiro debemos facer una revisión e estudio en profundidade para elixir aquel que cumpra cos criterios de validez e fiabilidade.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 14.7. Propostas de mellora

Entre as propostas de mellora que suxerimos de cara o próximo curso, destacamos as seguintes:

- Proporcionar o persoal necesario para atender á diversidade. É imprescindible continuar tendo no centro dous especialistas en AL e dous especialistas en PT.
- Potenciar as áreas de carácter instrumental realizando programas a nivel de centro onde se traballen especialmente a comprensión e velocidade lectora, a escritura, o cálculo e a resolución de problemas.
- Adquirir probas para avaliar as diversas capacidades cognitivas con mellores propiedades psicométricas, adaptadas á poboación española e máis utilizadas a nivel mundial (por exemplo, o WISC-V un dos máis recomendables).
- Levar a cabo unha reunión entre o profesorado de Educación Infantil (5 anos) e os docentes que impartan clases en 1º de Primaria o ano que ven (2024-2025), para falar de cada neno e nena en particular: nivel de aprendizaxe, dificultades, situación familiar, enfermidades...
- Implicar ao profesorado en programas de formación e innovación educativa especialmente en relación a atención a diversidade e educación inclusiva.

### 14.8. Conclusións

A modo de conclusión final, insístese na necesidade de dotar aos DO con persoal definitivo que favoreza os procesos de ensino-aprendizaxe e o benestar da totalidade do alumnado e das súas familias.
O próximo curso académico, o DO deberá revisar e adecuar o Plan de Orientación.

### 14.9. Anexos

As programación das persoas especialistas en PT e AL están anexas a dita Memoria Final.

## 15. MEMORIA DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

### 15.1. PLAMBE

#### 15.1.1. Introdución

Seguindo o recollido no artigo 14 da *Resolución do 6 de xuño de 2023, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de*

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2023/24*, elaboramos este documento sobre a xustificación, memoria e avaliación do PLAMBE do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel.

Para comezar, é importante destacar que neste curso 2023/2024 puxemos en marcha diferentes actividades e propostas para dinamizar a biblioteca. Non obstante, os cambios no persoal do claustro e o aumento de equipos de dinamización no centro (convivencia e medioambiente) provocou a baixada no número de membros do equipo de biblioteca e isto afectou en gran medida ás actividades realizadas dende a biblioteca. Ademais, as baixas laborais continuadas dalgúns membros do equipo de biblioteca influíron na estabilidade do propio equipo.

Aínda así, fomos capaces entre todos/as de manter as actividades desenvolvidas no anterior curso escolar: xornadas do PDI, acompañamentos lectores (nova denominación dos apadriñamentos lectores), os recreos de talentos, os mércores de radio, elaboración de itinerarios lectores, Consello da Infancia e difusión das diferentes actividades realizadas a través das redes sociais da biblioteca e dos blogs da páxina web do centro. Así mesmo, seguimos nos programas de Bibliotecas Escolares de Radio na biblio, Lecturas e Familias e Club de Lectura, incorporándonos a outros novos programas como Biblioteca Creativa e Bibliotecas Solidarias.

### 15.1.2. Grao de cumprimento dos obxectivos

| OBXECTIVOS | GRAO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| Seguir sendo centro de recursos bibliográficos e espazo de creación e innovación. | **Conseguido** |
| Xerar experiencias que inciten á lectura: ler máis e mellor. | **Parcialmente conseguido.** Xeramos moitas experiencias pero gustaríanos que se lera máis nas aulas e que se coñeceran mellor os fondos. |
| Ter en conta o desenvolvemento das ODS en todas as actividades. | **Conseguido** |
| Propoñer actividades que desenvolvan a escritura, a oralidade e de interese cultural. | **Parcialmente conseguido**. Houbo varias actividades pero segue estando pendente o aumento do seu interese cultural. |



Asinado por: SÁNDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| Deseñar as formas de acceso á biblioteca, horarios, espazos... | **Conseguido** |
| Coordinarse co resto de equipos dando apoio documental e sendo proactivos. | **Conseguido** |
| Levar a cabo, xunto co equipo directivo, a organización e programación do PDI do centro con actividades para traballar a alfabetización mediática e informacional. | **Conseguido** |
| Mellorar e favorecer a implicación do profesorado no uso da biblioteca, nas propostas e nos itinerarios lectores. | **Parcialmente conseguido.** Propuxéronse actividades relacionadas coa radio pero non houbo moita participación. |
| Implicar máis ás familias na lectura e nas actividades da biblioteca (dinamización da nova colección de "lectura e familias"). | **Parcialmente conseguido** posto que non se implicaron diferentes familias das que participaban en anteriores cursos. |
| Colaborar en actividades conxuntas coa biblioteca municipal a través da Comisión da Biblioteca no seo do Consello Escolar. | **Parcialmente conseguido** pois podería haber máis colaboración coa biblioteca municipal. |
| Seguir traballando para conseguir unha biblioteca inclusiva e que difunda a diversidade como unha riqueza. | **Conseguido** |
| Poñer en uso o espazo maker e unir as actividades de polos creativos e biblioteca coa petición do programa "Biblioteca Creativa" | **Conseguido** |

### 15.1.3. Actividades realizadas

**a) A biblioteca escolar como recurso para traballar coa información.**

Dende o Equipo de Biblioteca, en setembro elaborouse un horario semanal para que cada aula dispuxera durante o curso dunha sesión para asistir á biblioteca e empregala para realizar buscas de información tanto nos ordenadores e tablets coma libros. As

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

actividades que se potenciaron dende a biblioteca para traballar coa información xiran sobre o PDI do centro. En outubro, levouse a cabo o primeiro Consello da Infancia deste curso onde a coordinadora da biblioteca é a secretaria. Demos a coñecer o título e a temática do PDI deste curso escolar "Todas e todos temos unha historia que contar" a través dunhas imaxes que se colgaron no colexio, ver AQUÍ. A primeira historia que investigaron os/as nenos/as foi a do noso propio colexio, coincidindo co aniversario dos 50 anos do centro. A exposición das investigacións levouse a cabo en decembro, os resultados desta investigación pódense ver AQUÍ.

Ademais da historia do centro, cada aula investigou sobre diferentes historias. Os seus produtos finais foron expostos nunha feira levada a cabo en maio. O alumnado visitou os diferentes espazos pola mañá e as familias pola tarde, ver AQUÍ.

En xuño, realizarase a elección do tema do PDI para o curso escolar 2024-2025.

**b) A biblioteca escolar. Mediadora da lectura.**

Para poder realizar actividades que fomentasen a lectura, o equipo de biblioteca elaborou as seguintes actividades no mes de setembro, a inicio de curso:

- Reunión para o reparto das conmemoracións.
- Constitución do equipo de biblioteca (9 mestres) e reunións varias establecidas no horario docente nos días previos ao comezo das clases.
- Elaboración dun tríptico informativo, unha infografía sobre o funcionamento de KOHA e unha secuencia de pasos sobre o funcionamento da ferramenta Audacity da radio que foi mandado por correo electrónico a todo o claustro.
- Petición de novas mochilas viaxeiras, revisión dos fondos que tiñamos, actualizacións e creación das novas mochilas para as novas aulas (temos 30 mochilas en circulación, dúas por aula dende Educación Infantil ata 3º de EP) Ver AQUÍ.
- Formación de usuarios para todo o centro e mestres. Ver AQUÍ.
- Campaña de captación "Tecedoras de versos" para o alumnado de 4º de primaria, ver AQUÍ.
- Campaña de captación do club de lectura "Faragullas de papel" para o alumnado de 5º e 6º de primaria, ver AQUÍ.

Grazas a estas actividades, puidemos realizar as seguintes propostas:

- Entrega duns agasallos polo día das Bibliotecas Escolares aos alumnos/as máis lectores do curso pasado. Ver AQUÍ.
- Polo Día das Escritoras, levouse a cabo unha actividade para todo o centro denominada "Elas contan historias". Cada grupo escolleu a unha escritora e unha

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

das súas historias para ir lerlla a outra clase do mesmo nivel. A cambio, a outra aula debía elaborar unha folla de outono (aproveitando a estación) incluíndo unha fotografía e información sobre a escritora da historia que lle leron. Ver AQUÍ.

- Como novembro é o mes da ciencia en galego, preparouse dende a biblioteca uns experimentos relacionados con protagonistas de contos. Esta actividade denominouse "Ciénciame un conto", ver AQUÍ.
- Durante todo o curso, leváronse a cabo os acompañamentos lectores con todas as aulas do centro, ver AQUÍ.
- Recomendacións lectoras de diferentes temáticas: polo Nadal, polo Día da Non Violencia e da Paz, polo verán...
- Constelación lectora elaborada polo alumnado de 4º de primaria sobre o libro "Marta e a píntega", ver AQUÍ.
- O Entroido tivo como centro de interese a temática do PDI, baseada en personaxes de historias, ver AQUÍ.
- Pola Semana da Prensa, e coa colaboración co equipo TIC, elaborouse un xornal dixital en conxunto con todo o alumnado do centro titulado "Todos e todas contamos" relacionado co noso PDI, ver AQUÍ.
- Pola Semana do Libro elaborouse unha oca ambientada en contos de literatura infantil, relacionado co noso PDI. Cada aula elaborou unhas tarxetas de preguntas sobre a historia de diferentes contos, ver AQUÍ.
- Apertura dun novo espazo da biblioteca denominado Createca, levado a cabo pola participación no programa de Biblioteca Creativa, ver AQUÍ.
- Títulos mercados co premio do Club de Lectura. As aulas de 4º, 5º e 6º de primaria elaboraron unha lista de libros cos libros que lles gustaría ter na biblioteca, ver AQUÍ.
- Elaboración dun taller para crear libros obxecto nas diferentes clases. Foi organizado e levado a cabo pola mestra de música Rocío, ver AQUÍ.

**c) Actividade de extensión cultural.**

- O Club de Lectura "Faragullas de papel" con 31 nenos/as neste curso escolar, ver AQUÍ. Realizaron programas de radio, vídeos explicativos, receitas de cociña... tendo como fío condutor os seguintes libros: "Unha veciña de película", "Irene, a porteira", "A botella de lentellas", "As centinelas do silencio"...
- Realización dun concurso de logos para o PDI, ver AQUÍ.
- Actividade "Venres de talentos" no recreo da biblioteca, ver AQUÍ.
- Visita de María Canosa á nosa biblioteca para os nenos e nenas de 4º de primaria,

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ver AQUÍ.

- Posta en marcha dun torneo de xadrez nos recreos de biblioteca xa que é un xogo moi demandado polo alumnado, ver AQUÍ.
- Visita de Ledicia Barbadillo ao club de lectura Faragullas de papel, ver AQUÍ.
- Visita de Érica Esmorís á biblioteca do centro para o alumnado de 4º de Educación Primaria, ver AQUÍ.
- Obradoiro de poesía de Dores Tembrás para o alumnado de 5º e 6º de primaria para animalos a participar no concurso de poesía do Concello de Carral.

**d) A biblioteca escolar. Eixo de alfabetización mediática.**

O medio máis empregado para desenvolver a alfabetización mediática na biblioteca é a radio escolar. Para fomentar o uso da mesma, designouse unha sesión semanal para que as aulas poidan practicar os programas da radio coa axuda dun membro da biblioteca (mércores á terceira hora). Tamén, se levaron a cabo uns obradoiros de radio para o alumnado de 4º de primaria impartidos por Luís Losada de Radio Espora, ver AQUÍ. Durante este curso, tamén se renovou o espazo da radio grazas ao premio gañado no V Concurso de Podcast de Radio na Biblio, ver AQUÍ.

Algunhas das actividades que levaron a cabo foron:

- "Mércores de radio" en directo, nos recreos, por megafonía para todo o centro. Os encargados foron os alumnos a alumnas de 4º de primaria, ver AQUÍ.
- Programa de radio sobre o Día das Escritoras baseado na figura de Begoña Oro polo alumnado de 5ºB de primaria, ver AQUÍ.
- Programa de radio sobre o Magosto polo alumnado de 5ºB de primaria, ver AQUÍ.
- Programa de radio polo 25N do alumnado de 2º e 6º de primaria, ver AQUÍ.
- Programa de radio do alumnado de 5ºC de primaria polo Día Internacional da Muller, ver AQUÍ.
- Programa de radio do alumnado de 5ºBde primaria polo día do nacemento da Rosalía de Castro, ver AQUÍ.
- Recitado de poemas de Rosalía de Castro das clases do centro, ver AQUÍ.
- Realización de carteis polo Día da Muller, gravando cada un dos lemas das clases na radio, ver AQUÍ.
- Programa de radio do alumnado de 4º de primaria polo Día da Saúde, ver AQUÍ.
- Programa de radio feito polo alumnado de 5ºB polo Día Internacional do Fútbol Feminino, ver AQUÍ.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**e) Implicación da comunidade.**

As actividades nas que se implicou a comunidade foron aquelas enmarcadas maioritariamente no programa de "Bibliotecas Solidarias" e "Lectura e familias".

- Contamos cun total de 43 colaboradores/as de biblioteca de 5º e 6º curso que acudiron, en xeral, con puntualidade e responsabilidade. Cabe mencionar que é un número elevado de colaboradores/as tendo en conta a cantidade de colaboracións que hai neste curso no recreo.
- Posta en funcionamento Club de lectura para adultas "Milfollas de papel", ver AQUÍ. Está constituído por 11 persoas.
- Posta en marcha de 6 maletas viaxeiras con diferentes temáticas (TIC pequenos, TIC maiores, inglés, libros para familias, estimulación da linguaxe...) que poden ser prestadas para as casa, ver AQUÍ.
- Charla sobre literatura infantil para as familias de Montse Pena Presas, ver AQUÍ.
- Charla sobre o uso das TIC para familias con Isabel Dans da USC, ver AQUÍ.
- Relacionado co programa Bibliotecas Solidarias con Ler con F, os/as alumnos/as de 5º e 6º de primaria foron ler uns contos aos nenos/as Galiña Azul, ver AQUÍ.
- Contacontos de familias para o alumnado de Educación Infantil, ver AQUÍ.
- Visitas á nosa biblioteca do profesorado doutros centros da contorna de maneira informal como o CEIP Mesón do Vento ou CEIP María Barbeito e Cervino e de forma formal (a través do CFR da Coruña) en cursos impartidos aos grupos de traballo do CEIP Luís Seoane e CEIP Isidro Parga Pondal recentemente incorporados ao PLAMBE.

Cabe mencionar que para implicar á comunidade educativa na nosa biblioteca, cobraron especial importancia a actualización de diferentes blogs para coñecer as nosas novidades: Blog da biblioteca, Radio Pingüi e a rede social de Instagram.

### 15.1.4. Avaliación das actividades deseñadas

Pasaremos na semana do 10 de xuño as seguintes enquisas de valoración que nos ofrecerán diferentes resultados para mellorar o uso da biblioteca e a planificación de actividades: Enquisa para o alumnado de EI e 1º ciclo , Enquisa para o alumnado de 2º e 3º ciclo , Enquisa para o profesorado , Enquisa para as familias e Enquisa sobre as xornadas do PDI.

Non podemos engadir os resultados destas enquisas nos documentos adxuntos á memoria pois non as teremos cubertas ata a última semana de curso. As razóns de non pasalas antes é esperar a proposta de temas do PDI de cara o curso que vén e a rematar todas as actividades que se están realizando na biblioteca. Ademais, consideramos que, de cara ao alumnado, será máis fácil que as cubra despois de ter realizada as avaliacións pois,

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

normalmente, estas datas son estresantes tanto para alumnado como para profesorado e cremos que participarán máis persoas se as deixamos para esas últimas semanas.

### 15.1.5. Previsión de futuro

De cara o curso que vén, pretende conservar as actividades que se estiveron desenvolvendo neste curso escolar: manter dinamizado o espazo de Createca, manter o club de lectura de alumnos/as e de adultas, seguir no programa de Bibliotecas Solidarias.... Non obstante, o destino descoñecido do profesorado provisional do centro (incluída nestes a coordinadora da biblioteca) e o cambio de centro de varias mestras definitivas pertencentes ao equipo de biblioteca, impide saber con exactitude como vai a ser a situación da biblioteca no curso escolar 2024/2025. Baseándonos no funcionamento da biblioteca ata o momento, propoñemos as seguintes liñas de actuación a desenvolver na solicitude de continuidade do PLAMBE para o curso 2024/2025. Poderán sufrir modificacións para adaptarse á Resolución do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares cando se publique.

**1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA: A CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO "LABORATORIO DE APRENDIZAXE".**

- Aportar e asesorar para a presenza da biblioteca nos documentos de centro.
- Deseñar actividades de formación de persoas usuarias, dinamizadoras e persoal de xestión.
- Aumentar os encontros con autores e autoras.
- Regular a apertura da biblioteca e da Createca nos recreos repartíndose tres mestres de garda.
- Coordinarse, xunto co equipo directivo, co Concello e coas familias para levar a cabo actividades, dentro e fóra do horario lectivo, que favorezan actividades de lectura, culturais, alfabetización informacional...
- Manter o uso da radio e dar apoio formativo, organizativo e técnico.
- Implicar a todo o alumnado nos acompañamentos lectores e dinamizalos de xeito que teñan presenza máis alá da hora de ler (propoñer actividades específicas)
- Continuar coas persoas colaboradoras de biblioteca e aumentar as súas funcións.
- Continuar no programa de Bibliotecas Escolares Solidarias.
- Manter a biblioteca actualizada e en bo estado: catalogar, pegar códigos de barras, ordenar, expurgar, actualizar fondos, ...
- Difundir os recursos e fondos cos que contamos entre a comunidade educativa....

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA. A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO, A ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DO ALUMNADO**.

- Publicar, como mínimo, dúas guías de lectura en Nadal e xuño de forma dixital.
- Difundir por diferentes canles (web, redes sociais...) as adquisicións de fondos, promocionar os que xa temos e as actividades realizadas así como outras de interese cultural e lector.
- Actualizar e dinamizar os fondos en Inglés ademais de adaptalos con códigos QR para a mellora da comprensión e expresión oral nesta lingua.
- Propoñer actividades que teñan en conta o sentido crítico e a análise das fontes.
- Apoiar con materiais bibliográficos, manipulativos e dixitais as diferentes áreas tendo en conta as metodoloxías e contidos do novo currículo.
- Promocionar e usar máis E-LBE.

**3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL**.

- Revisar, programar e planificar as actividades de formación de usuarios.
- Seguir coa formación de usuarios e acompañamento do Primeiro Ciclo durante, polo menos, un trimestre.
- Aprobar en claustro un novo Proxecto Documental Integrado de Centro no que se promova unha metodoloxía de aprendizaxe por proxectos e/ou tarefas integradas que implique a ALFIN e AMI. Este PDI estará temporalizado no Plan Anual de Lectura en colaboración cos outros equipos e claustro.

**4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.**

- Continuar a promocionar, ofrecer actividades e xestionar os préstamos dos novos fondos de "Lectura e familias": charlas para familias e maletas.
- Seguir atendendo ás suxestións depositadas no "buzón de suxestións" polo alumnado sempre e cando as peticións pasen os filtros de idoneidade e calidade.
- Continuar coas mochilas viaxeiras en EI e no 1º e 3º ciclo de EP.
- Propoñer recursos para a hora de ler.
- Dinamizar os espazos da biblioteca (Createca, recanto lector da planta baixa...).
- Favorecer/promover o gusto pola lectura baseándonos nos dereitos do lector de Daniel Pennac ("O verbo ler non soporta o imperativo. A versión que comparte con outros verbos: amar, soñar...").
- Difundir os itinerarios lectores.
- Compartir e promover o calendario do libro e da lectura.
- Dar continuidade aos clubs de lectura.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Dinamizar a Comisión da Biblioteca no seo do Consello Escolar como órgano de colaboración e cooperación entre bibliotecas.
- Crear algún roteiro literario.

**5. BIBLIOTECA INCLUSIVA.**

- Revisar que os documentos elaborados para a comunidade sexan de lectura asumible e comprensible para a toda comunidade.
- Revisar que as actividades propostas inclúan os principios DUA.
- Priorizar a compra de fondos que traten a temática da igualdade entre persoas.
- Coordinarse co Departamento de Orientación.
- Favorecer o enfoque participativo de toda a comunidade educativa.
- Promover a reflexión, crítica e formación continua de todo o equipo de biblioteca.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

#### 15.1.6. Criterios e procedementos de avaliación

Levaremos a cabo unha avaliación e reflexión continua no equipo de biblioteca tendo en conta o funcionamento e as actividades realizadas durante o curso coas achegas do profesorado. Ademais realizarase unha enquisa (dirixida ao alumnado, familias e ao profesorado) que aporte datos para realizar unha avaliación continúa. Cos datos extraídos de ditas enquisas e das estatísticas do KOHA elaboraranse unhas conclusións que se exporán en claustro, sendo estas o punto de partida para as novas liñas prioritarias do próximo curso escolar.

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

#### 15.1.7. Equipo de biblioteca. Horario previsto

Na reunión inicial co equipo directivo proporase que a coordinadora conte cunha hora diaria (como ata o de agora) e o equipo de biblioteca cunha semanal tal como quedou aprobado nas NOFC. Formarán parte do equipo de apoio unha persoa por ciclo (como mínimo) e todas aquelas que queiran.

Dende a Dirección terase en conta o número de programas nos que participa a biblioteca escolar para promover a participación dos docentes neste equipo.

### 15.2. Club de lectura

Preséntase de seguido a memoria do Club de Lectura "FARAGULLAS DE PAPEL". Dita memoria está elaborada seguindo o Apartado 11.2 da *Resolución do 2 de outubro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, dentro das actuacións para o fomento da lectura no ámbito educativo, no contexto do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares, pola que se incentiva o*

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*funcionamento de CLUBS DE LECTURA durante o curso 2023/24* https://www.edu.xunta.gal/portal/node/41141.

### 15.2.1. Consecución dos obxectivos

a. Continuar a darlle un lugar e valor ás persoas interesadas en ler por pracer do noso centro. CONSEGUIDO.
b. Ser lugar de encontro entre lectores/as e comunidade. CONSEGUIDO.
c. Aumentar a motivación e gusto pola lectura. CONSEGUIDO.
d. Ser lugar de expresión, de reunión e de socialización. CONSEGUIDO.
e. Aumentar no noso alumnado as experiencias lectoras ofrecéndolles textos de calidade. CONSEGUIDO.
f. Utilizar o galego. PARCIALMENTE CONSEGUIDO, aínda que as lecturas e demais materiais impresos e recursos dixitais están en galego, o emprego do galego non foi total por todos e todas.

### 15.2.2. Formas de organización e funcionamento dos distintos grupos. Periocidade e horario para cada un dos grupo

- Formas de organización e funcionamento: dous grupos que funcionan de xeito paralelo e intercambian lecturas. Os agrupamentos foron organizados seguindo as preferencias do alumnado así como a experiencia ou non de participación no club de lectura o curso anterior. Ademais tivemos en conta a paridade. Contamos con 30 nenos e nenas de 5° e 6° de Educación Primaria.
- Periocidade e horario para cada un dos grupos: reunións quincenais os luns de 15:30 a 16:15.

### 15.2.3. Participación do alumnado e do profesorado

O alumnado participou activamente nas actividades propostas, con motivación e interese. Ademais colaboraron na elección das últimas lecturas (mediante unha enquisa virtual)
O profesorado participou de forma activa dando visibilidade ao club, animando ao alumnado e repartindo e recollendo documentación (autorizacións, enquisas). Hai que destacar a implicación dos catro profesores membros do Club así como do Equipo de biblioteca quen se encargaba de dar visibilidade nas redes sociais.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**15.2.4. Breve descrición das actividades**

- Captación de participantes: A comezos de outubro, varias alumnas de 6º de Educación Primaria participantes do club durante o curso pasado animaron ao alumnado para que participaran este curso no club. Leron o libro "Cando leo" de Eva Mejuto para que as nenas e os nenos descubrisen o que pasa cando len e que se animen a participar no Club este curso. Ver AQUÍ. Despois deixamos polas aulas, coa colaboración dos titores un listado para que se anotasen
- Organización I do Club (outubro, novembro, decembro e xaneiro): presentación do Club, coñecemento dos membros, coñecemento de normas, compromisos e expectativas así como organización inicial do calendario e lecturas propostas
- Actividades de cohesión de grupo: Fíxose entrega na primeira reunión dunha pulseira co símbolo de infinito, como símbolo da unión do grupo e como infinitas son as nosas gañas de ler e a lectura en si mesma, como desexo de que nos acompañe este cursos e nos próximos e ao longo das nosas vidas

Ademais, outra actividade de cohesión do grupo foi a escolla das lecturas que tratamos no Club.

- Organización II do Club (febreiro, marzo, abril, maio e xuño).
- Faladoiros:
  - *"Sentinelas do silencio" de Beatriz Maceda:* repartimos a lectura en dous faladoiros, no primeiro debatemos sobre as personaxes tan diversas do libro, ademais intercambiamos calcetíns diferentes para converternos nós tamén en sentinelas do silencio. No segundo faladoiro fixemos un percorrido polo libro para despois destacar algunhas frases rechamantes. Realizamos tamén un xuízo ao libro con posicións a favor e en contra, a conclusión foi á galega "Todo depende do interese que poñas e nos ollos cos que mires o libro"
  - *"Unha veciña de película" de Iria Misa:* o faladoiro dedicouse a Alice Guy, considerada a primeira directora de cine dunha película de ficción e na que está inspirada a protagonista do libro, Alice. Despois escolleuse unha escena cinematográfica das que aparecen no libro para facer unha dramatización narrada da mesma. As películas escollidas foron: O pequeno ditador, O cáliz da vida eterna e o Mago de Oz. Falamos tamén das personaxes que interveñen nesas escenas e dos seus caracteres: Heinzel autoritario, a valente Alice Jones, a bondade da bruxa Alice do Norte, a despistada Elsie Dorothy . Ver aquí e aquí.

   - *"Irene a porteira" de Xulia Pisón:* o tema central foi a historia que garda o libro, a curta vida dunha futbolista, ambientado na Coruña nos anos 20. O libro deu tamén en falar de diferentes temas como a igualdade, a deportividade, a valentía, as inxustizas, os cambios e progresos históricos
   - *"A Botella de lentellas " de Leticia Barbadillo:* falamos sobre o protagonista e a súa familia. Ademais debatemos sobre que historias das orellas nos gustaron mais e ata contamos as nosas "desfeitas na cociña".

  Pódense ver as imaxes destes faladoiros picando aquí.

- Actividade lúdica creativa de cada libro:
   - *"Sentinelas do silencio" de Beatriz Maceda:* a actividade consistiu na elaboración de carteis para o horto, así como a formación dun grupo de Sentinelas dentro do equipo de Medioambiente, acompañados dun mestre membro do club e coordinador do equipo
   - *"Unha veciña de película" de Iria Misa:* teatralización dalgunhas das secuencias dos filmes que aparecen no libro. Un grupo escolleu interpretar os textos na radio e outro facer a escenificación completa en vídeo. Despois dalgún ensaio tocou gravar.
   - *"Irene a porteira" de Xulia Pisón:* cada participante compartiu a banda deseñada que lles tocou ler. Algúns prepararon un cartel, outros un xogo de tarxetas, presentacións. Descubrimos así varias novidades de cómic que temos na nosa biblioteca das que analizamos as ilustracións, as cores, o estilo… Pódense ver algunhas destas actividades aquí e aquí.
   - *"A Botella de lentellas " de Leticia Barbadillo:* estrea do novo espazo no centro "Createca" coa elaboración de orellas. Ademais tivemos a fortuna de contar coa presenza de Leticia, contounos sobre o autobiográfico que hai na súa obra e inventamos títulos para novas historias de lentellas. https://drive.google.com/file/d/1-zKvxkBwUXnSZOYOK3_m-bUrxxlVz-a2/view?usp=sharing; https://drive.google.com/file/d/1-xN8b2IuEkZm-5DwIJsU2jabrfMBfnPI/view?usp=sharing.
   - *"101 maneras de leer" de Timothée de Fomnelle e Benjamín Chaud:* este libro recolle diferentes posturas que adoptan os nenos e nenas cando se integran na lectura. Seguindo estas ilustracións realizamos as nosas "101 Faragullas de papel lendo".
- Última sesión. Merendola e avaliación.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9IZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 15.2.5. Materiais elaborados

- Guías de lectura. Exemplo 1. Exemplo 2.
- Guión do faladoiro Unha veciña de película:
- Enquisa para a elección das lecturas:
- Recopilación dos materias mercados co 2º Premio Nacional dos Clubs de Lectura

### 15.2.6. Colaboración con outros clubs de lectura ou con outras institucións culturais da contorna

- Club de adultas: Milfollas de papel: este curso naceu o club de adultas Milfollas de papel. Está formado por doce nais e/ou profesoras do centro. Tivemos cinco sesións ao longo do curso para comentar interesantes lecturas como: *"Educar en el asombro" de Catherine L´Ecyer; "Piezas sueltas. El juego infinito de crear" de Priscila Vela e Mercedes Herrán* e *"Cerebro, infancia y juego"* de María Couso. Este club emprega os libros emprestados polo Club de lectura entre familias e profesorado da Pepateca do CRA de Culleredo.
- Club "Tecedoras de versos": este curso continuamos co club de lectura de poesía e tecido grazas á mestra Teresa del Río (itinerante con destino en Cerceda). Reunímonos todos os primeiros mércores de mes no recreo no punto de lectura da entrada. O club estaba formado por 6 alumnos (neno e nena), de 4º de EP (dous do grupo A, dous do grupo B e dous de C)
- Club de lectura do CEIP San Marcos de Abegondo: centro da nosa contorna, tivemos diferentes conexións á hora de elixir lecturas e compartir experiencias.
- Participamos nos "Premios Club de lectura escolares correspondentes ao curso 2022-23" do Ministerio de Educación e Formación Profesional e fomos gañadores do terceiro premio.

### 15.2.7. Aproveitamento das posibilidades e dos recursos da biblioteca escolar

A Biblioteca é o lugar onde se realizan as reunións, tanto na zona de lectura, que é onde se realizan os faladoiros, como na zona de libros informativos que conta con múltiples recursos que foron empregados (tablet, pc, croma, radio escolar...). Empregamos de xeito informativo e puntual as plataformas E-LBE e Galicia Le.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 15.2.8. Medios que se utilizan para a difusión das actividades entre a Comunidade Escolar

- Páxina web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero.
- Blogue específico do Club: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/faragullasdepapel.
- Instagram: https://www.instagram.com/biblioteca_ceip_vicente_otero.
- Twitter:
- Facebook: https://www.facebook.com/vicente.otero.902.
- Radio do Centro: https://soundcloud.com/user-595925923.
- Este curso creamos ademais un espazo no centro para dar visibilidade ao Club: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/node/2583.
- Empregamos para a comunicación coas familias Abalar e para a comunicación co alumnado creamos unha materia en Edixgal. Tamén a impresión en papel tanto para anotase o alumnado como as autorizacións ás familias https://drive.google.com/file/d/1TvsEdjqGNYUXmYRCzrP-R6R0tpX6-ujG/view?usp=sharing.
- Todos os libros formarán parte, tal e como establece a Resolución, dos fondos da biblioteca escolar polo que daremos difusión mediante un correo electrónico a todo o profesorado, tanto dos libros mercados como das guías de lectura para que poidan ser empregados nas aulas nos Tempos de Lectura os vindeiros cursos.
- Participamos nas xornadas do PDI do centro expoñendo e dando a coñecer o noso Club a toda a comunidade educativa.
- O noso centro foi convidado a participar na XVI Xornada de Clubs de Lectura organizado pola Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia nas sesións "Mesa de experiencias arredor dos clubs de lectura". Patricia Pena Barbeito, coordinadora durante seis anos da biblioteca expuxo a experiencia do noso Club.

## 15.3. Radio escolar

### 15.3.1. Emisora

O espazo da radio do noso centro localízase na planta 2, na propia biblioteca, dispoñendo dun espazo concreto e illado do resto. No seu interior, dispoñemos dunha mesa para o/a técnico/a. Nela, localízase un ordenador con dúas pantallas para poder compaxinar a música co programa Audacity. Ademais, nesta mesa está a mesa de mesturas. Tamén dispoñemos dun micrófono para que o/a técnico/a poida intervir e dous cascos para poder escoitar o proceso de gravación, tanto o/a técnico/a coma o/a mestre/a. Por outro lado, dispoñemos dunha mesa con catro micrófonos e catro cascos para as demais persoas participantes no programa de radio. Durante



Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

este curso escolar, tamén se renovou o espazo da radio grazas ao premio gañado no V Concurso de Podcast de Radio na Biblio, ver AQUÍ. Con el, compramos unha mesa nova, unha cadeira de rodas para o/a técnico/a, un cartel de "On air" para avisar ás persoas que están no exterior de que hai xente gravando dentro da radio e unha serie de libros para a radio.

### 15.3.2. Actividades

As actividades que levaron a cabo na radio foron as seguintes:

- Obradoiros de radio para o alumnado de 4º de primaria impartidos por Luís Losada de Radio Espora, ver AQUÍ.
- "Mércores de radio" en directo, nos recreos, por megafonía para todo o centro. Os encargados foron os alumnos a alumnas de 4º de Educación Primaria, ver AQUÍ.
- Varios programas de radio sobre algunha conmemoración:
- O Día das Escritoras polo alumnado de 5ºB de primaria, ver AQUÍ.
- O Magosto polo alumnado de 5ºB de primaria, ver AQUÍ.
- O 25N levado a cabo polo alumnado de 2º e 6º de primaria, ver AQUÍ.
- O Día Internacional da Muller, polo alumnado de 5ºC, ver AQUÍ.
- O día do nacemento da Rosalía de Castro por parte dos/as nenos/as de 5ºB, ver AQUÍ.
- Recitado de poemas de Rosalía de Castro de varias clases do centro, ver AQUÍ.
- Realización de carteis polo Día da Muller, gravando os lemas de cada clase, ver AQUÍ.
- O Día da Saúde polo alumnado de 4º de primaria, ver AQUÍ.
- O Día Internacional do Fútbol Feminino por 5ºB de primaria, ver AQUÍ.

### 15.3.3. Recursos

Dende o Equipo de Biblioteca elaborouse unha infografía que inclúe unha secuencia de pasos sobre o funcionamento de Audacity que foi enviada a todo o claustro, ver AQUÍ.
Para dinamizar a actividade de "Mércores de radio" elaborouse un formato de escaleta para que os/as nenos/as a puidesen cumplimentar, ver AQUÍ.
Para difundir esta actividade, o equipo de Biblioteca elaborou unha presentación con imaxes de todos os programas realizados no recreo en directo, ver AQUÍ

### 15.3.4. Currículo

Tendo en conta o Decreto 155/2022, o recurso da radio facilita a adquisición principalmente dos obxectivos de etapa b, c, d, e, ñ. Referente ás competencias clave, desenvólvese fundamentalmente a competencia en comunicación lingüística (CCL), a competencia dixital (CD) (ao manexar a ferramenta Audacity), a competencia en

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9IZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

conciencia e expresións culturais (CCEC) e a competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA). En relación cos criterios de avaliación, avalíanse aqueles vinculados coa expresión oral, expresión escrita (ao elaborar a escaleta) e o traballo en equipo.

#### 15.3.5. Participación do alumnado

O alumnado participante nestas actividades foron: o alumnado de 4º de educación primaria e o alumnado de 5º e 6º de educación infantil na actividade de "Mércores de radio". Asemade, para destacar algunha conmemoración importante os discentes de 5º de primaria prepararon diferentes programas de radio. Por outro lado, o alumnado de 6º de primaria foi o encargado de elaborar un programa de radio pola investigación do colexio, contando a súa historia e entrevistando a exalumnos/as do centro. Tamén, outras aulas como 2º, 4º e 5º e 6º de primaria participaron no recitado de poemas na radio.

#### 15.3.6. Participación do profesorado

Dende o equipo de biblioteca, habilitouse unha sesión na que hai un membro do equipo de biblioteca dispoñible para axudar aos nenos/as e mestres/as na gravación e preparación dos programas de radio. Por outra banda, cada trimestre os docentes dispoñen dunha serie de propostas para que as diferentes aulas se vaian animando a realizar programas. O equipo de Dinamización a Lingua Galega propuxo dúas actividades relacionadas coa radio polo Día de Rosalía e o Día das Letras Galegas.

#### 15.3.7. Visibilidade. Difusión

A nosa emisora de radio está conectada á megafonía do centro e isto permite realizar programas de radio (en directo ou diferido) e que sexan retransmitidos e escoitados en todo o centro. Ademais, estes programas súbense ao blog da biblioteca e na rede social de Instagram para que sexan accesibles ao resto da comunidade educativa.

### 15.4. Lectura e familias

#### 15.4.1. Obxectivos

| **Fomentar un ambiente lector nas familias e no centro dando a coñecer a biblioteca.** | |
|---|---|
| **Parcialmente conseguido** | En canto ao fomento do ambiente lector seguimos traballando por medio dos acompañamentos, encontros con autores, colaboradores, club de lectura (de adultas e de pequenas), mochilas e maletas viaxeiras especificamente para familias e charlas. En canto a dar a coñecer a |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | biblioteca si que cremos que está conseguido pois estamos presentes na maioría das actividades do centro propoñendo o PDI, facendo recomendacións de lectura, organizando todo tipo de actividades de mediación lectora e/ou a través das redes e páxina web. |
| **Formar e guiar as familias no uso das TIC (somos centro Edixgal).** | |
| **Conseguido** | Neste curso houbo varias charlas neste sentido no centro, a organizada dende a biblioteca contou coa presenza de Isabel Dans, profesora da Universidade de Santiago de Compostela. Para saber máis pódese consultar o cartel AQUÍ e a actividade AQUÍ. |
| **Mostrar o papel da biblioteca como compensadora de desigualdades e centro de recursos inclusivos.** | |
| **Parcialmente conseguido** | O ano pasado fixemos algunha intervención co taller de Sonia Hermida, este curso centrámonos máis no obxectivo de TIC e ALFIN xa que o curso pasado quedara pendente. O camiño da inclusión e da compensación de desigualdades cremos que nunca se acaba. |
| **Educar e guiar as familias na compra de libros para os seus fillos e fillas.** | |
| **Parcialmente conseguido** | Ofreceuse que os membros do equipo da biblioteca foran ás reunións iniciais coas familias se así o decidía o titor/a. Enviouse tamén unha diapositiva co resumo de todas as actividades e programas nas que estamos inmersos para o mesmo fin. Ademais contamos un curso máis coa presenza de Montse Pena Presas, pódese ver o cartel AQUÍ e as imaxes e recomendacións da actividade AQUÍ. |
| **Dar a coñecer e difundir o desenvolvemento da lectura nos primeiros anos (fases, características… )** | |
| **Parcialmente conseguido** | Un ano máis Monste Pena Presas engadiu este aspecto na súa charla. |

### 15.4.2. Actividades

Dividimos as actividades deste programa en tres grandes grupos: colaboracións de familias, obradoiros e maletas viaxeiras temáticas:

- **Colaboración familia-escola a través da biblioteca escolar.**

Club de lectura de adultas "Milfollas de papel". Lectura dos libros "Educar en el asombro", "Piezas Sueltas" e "Cerebro, infancia y juego". Fixemos reunións unha vez cada dous meses aproximadamente onde se falou do libro e se patexaron outro

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

tipo de actividades para os faladoiros: libros favoritos, xogos de mesa, pezas soltas que pasaron a formar parte da Createca (novo espazo de Biblioteca Creativa)…

Contacontos: Dúas nais viñeron a contar contos aos seis cursos de Educación Infantil:

- 4º de EI: O paraugas de cebra. David Hernández Sevillano e Anuska Allepuz. Nubeocho.
- 5º de EI: 8 patas. Ana Meilán e Desiree Arancibia. Entre nubes y cuentos.
- 6º de EI: Aquiles o puntiño. Guia Risari e Marc Taeger. Kalandraka.

- **Visitas e charlas.**
  - 23 de abril: "Dar de ler, acompañar o medrar", Montse Pena Presas.
  - 8 de maio: "Familia e tecnoloxía: unha boa parella", Isabel Dans.

  Estas dúas charlas contaron con actividades de conciliación familiar a cargo da empresa Esproade.

- **Posta en marcha das 6 maletas viaxeiras para familias.** As 6 maletas decoradas polo alumnado de EI segundo diferentes pintores e pintoras coñecidos foron postas en marcha xunto coas guías de libros, para velas pódese picar AQUÍ. Recoméndase para o vindeiro curso presentar estas maletas nas reunións iniciais para que as familias as coñezan.

### 15.4.3. Recursos

Utilizouse o espazo da biblioteca e as maletas e libros mercados coa partida presupuestaria anterior. Utilizamos tamén recursos humanos coas charlas de expertas e a colaboración de familias contacontos. Os libros do club de lectura de adultas foron prestados polo CRA de Culleredo.

### 15.4.4. Participación das familias

A falta dos resultados das enquisas finais podemos dicir que unhas 40 familias utilizaron algúns dos recursos deste programa incluíndo charlas, maletas viaxeiras ou visitas polas tardes. Cabe destacar a gran acollida da presentación final do PDI que parte desta biblioteca e no que colabora todo o centro. Polo miúdo temos que:

- Participan nos contacontos 2 nais.
- Participaron na charla de Isabel Dans 12 persoas.
- Participaron na charla de Montse Pena Presas 20 persoas.
- Acoden polas tardes 3 ou catro familias. Tamén entre 3 e 5 nenos veñen polas tardes sos.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Participaron das mochilas viaxeiras 7 familias (algunhas repetiron varias mochilas).
- Participaron no club de lectura de adultas 12 persoas, 7 nais e 5 mestras.

**15.4.5. Biblioteca escolar**

Aproveitamos o espazo da biblioteca e tamén os recursos, por exemplo, un dos contos contados polas nais en Educación Infantil era dunha das nais do club de lectura de adultas que o ofreceu. Varios dos libros que nos mostrou Montse mercáronse para o préstamo.

**15.4.6. Avaliación**

Enviarase unha enquisa xeral ás familias que inclúa un apartado relacionado con este programa. O equipo de biblioteca avaliamos o programa como moi interesante, pero plantexámonos seriamente a súa viabilidade no noso centro, non porque non faga falta (que o fai e moito) senón pola pouca participación e implicación das familias. Cremos que debemos replantexar para o curso sobre todo as charlas fóra do horario lectivo pola súa pouca acollida e o traballo que requiren de organización.

O club de lectura de adultas foi valorado na enquisa que fixemos con moi boa puntuación. Cremos tamén que pese a todos os esforzos realizados o ambiente lector do centro mellorou pero o familiar non chega a ser o que nos gustaría e sería adecuado para un bo desenvolvemento integral do noso alumnado (sobre todo a nivel de linguaxe e vocabulario, entre outros moitos beneficios).

**15.4.7. Visibilidade e difusión**

Tódalas actividades de animación á lectura foron promocionadas tanto a través das redes sociais da nosa biblioteca como da páxina web e mandáronse mensaxes Abalar para todo o centro. Ademais actualizouse o blog específico dentro da páxina web.

Enlace ao blog de lectura e familias.

Enlace as redes: Instagram, Facebook

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## 15.5. Biblioteca solidaria

### 15.5.1. Categoría

Categoría A, B e C.

### 15.5.2. Nome da actividade

No noso centro participamos nas tres modalidades de bibliotecas solidarias:

- **Acompañamentos Lectores.**
- **Colaboradores da biblioteca.**
- **Lecturas na Galiña Azul.**

  Para que o alumnado se anotara a estas actividades de voluntariado e explicarlles en que consiste o equipo de biblioteca elaborou esta presentación.

### 15.5.3. Persoas implicadas

- **Acompañamentos lectores.** Forman parte dos acompañamentos lectores 104 alumnos de 4º e 5º de EP distribuídos en 3 aulas por nivel (6 en total) coas súas correspondentes clases asignadas. Esta actividade está organizada polo equipo de biblioteca e a xefa de estudos e despois transcorre coa colaboración dos titores/as das aulas e cos especialistas aos que lles coincide a cuarta hora con eles. Iniciouse o Día das Bibliotecas co envío do seguinte mail a todo o claustro. Destacar que todo o centro leva a cabo esta actividade tal como se pode ver nesta táboa.
- **Colaboradores da biblioteca.** Temos 40 colaboradores/as de biblioteca que veñen nos recreos xunto cos tres mestres de garda. Nesta organización está implicado o equipo de biblioteca e o alumnado de 5º e 6º de EP. Facemos unha formación de usuarios global para todo o centro e outra específica para eles antes de comezar.
- **Lecturas fóra**. Este ano comezamos coas lecturas de contos na Galiña Azul próxima ao centro polo Día do Libro. Foron compartir contos cos pequenos oito alumnos de 5º e outros oito de 6º. Estiveron tamén implicados os mestres titores das seis aulas, a directora, a xefa de estudos, a directora da Galiña Azul, a persoa acompañante dos nenos/as e a mestra que organizou a actividade.

### 15.5.4. Persoas destinatarias

- **Acompañamentos lectores:** O alumnado beneficiario foi un total de 102 alumnos coa seguinte organización. Asignáronse as clases por número de alumnado para poder compartir as lecturas en parellas:

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| 5ºA | 2ºC |
| 5ºB | 5º EI B |
| 5ºC | 1ºA |
| 6º A | 2ºA |
| 6ºB | 2ºB |
| 6ºC | 1ºC |

- **Colaboradores da biblioteca.** Alumnado voluntario de 5º e 6º que atenden ao alumnado de primaria que acude no recreo.
- **Lecturas na Galiña Azul.** Alumnado das catro aulas da Galiña Azul. Dúas de 1-2 anos e outras dúas de 2-3 anos.

### 15.5.5. Implicación

- **Acompañamentos lectores:** Os mestres implicados serían as titoras de cada aula e os especialistas se lles toca a hora de ler. Todos están moi implicados con esta actividade: alumnado e profesorado.
- **Colaboradores da biblioteca.** Facemos unha listaxe cos nomes dos voluntarios que se anotan a principio de curso e, mes a mes, publícanse as quendas. Soen vir en parellas e por aulas. Temos un alumnado colaborador moi implicado.
- **Galiña Azul.** O alumnado participante estivo en todo momento traballando os contos elixidos. O profesorado axudoulles a preparar os contos e eles responderon moi ben. A actividade estivo moi ben valorada tanto polos lectores como polos oíntes que escoitaron con moita atención a pesar da súa curta idade.

### 15.5.6. Accións realizadas

- **Acompañamentos lectores.** Levamos a cabo os acompañamentos lectores nos últimos cinco anos. Nesta actividade que se realiza na hora de ler (20/30 minutos despois do recreo), facemos lecturas de textos entre alumnado de maior idade e de menor idade. Utilizamos a biblioteca e outros espazos do centro como o punto de lectura da entrada, no bo tempo saimos a ler fora e visibilizamos a lectura. Ademais fanse acompañamentos temáticos, por exemplo, polo Día de Rosalía. As parellas lectoras serven tamén de base para outro tipo de acompañamentos como visitar a exposición do PDI ou o Entroido.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9IZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Colaboradores da biblioteca.** A figura dos colaboradores da biblioteca nos recreos da biblioteca leva funcionando neste centro dende hai moitos anos. Realizan tarefas como:
  - Facer préstamos e devolucións.
  - Colocar os libros devoltos e a biblioteca en xeral.
  - Facer exposicións temáticas. Búsqueda de libros e colocación no lugar asignado para elas.
  - Carteleira para as exposicións.
  - Listaxe do alumnado que acude aos ordenadores: vixilancia do que están a buscar e control das persoas que os usan (levamos un control para que non sexan sempre os mesmos).
  - Axudas nas montaxes audiovisuais para as redes.
  - Colocación de tixolos.

- **Galiña azul.** Coincidindo co Día do Libro oito alumnos/as de 5º o día 22 de abril e outros seis o 23 foron ler cadanseu conto á escola infantil. É a primeira vez que organizamos esta actividade que resultou funcionar moi ben e que temos pensado repetir en vindeiros anos.

### 15.5.7. Autonomía do alumnado

- **Acompañamentos lectores.** Os libros escollidos e a modalidade depende de cada titoría. Nalgúns casos cada un colle os seus libros, noutros casos o profesorado guía. Para coller os libros algúns usan hora de biblioteca e outros céllenos alí o cal axuda a que coñezan a organización e fagan búsquedas para os máis pequenos. O alumnado maior é autónomo na búsqueda dos libros e no seu uso. Algunhas actividades temáticas son máis guiadas polo profesorado. Escóitanse as propostas dos máis pequenos para a elección dos textos e, nalgúns casos, as aulas retroaliméntanse e temos observado que melloran moitísimo en comportamento. A biblioteca pon a disposición dos titores o seguinte caderno de lecturas para levar un pequeno control sobre o que se le (picar aquí). Tamén elaboramos infografías con consellos para os que len e para os que escoitan.
- **Colaboradores da biblioteca.** O alumnado colaborador axuda baixo a guía das persoas de garda de recreo na biblioteca. O alumnado de 6º, por coñecer mellor a biblioteca, é máis autónomo que o de 5º. Están todos moi implicados e acoden nas quendas cando lles toca.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Galiña Azul.** Os nenos e nenas contaron co asesoramento dos seus titores e do equipo de biblioteca para preparar as representacións dos contos.

### 15.5.8. Temáticas (Categorías B e C)

- **Colaboradores da biblioteca**. As exposicións temáticas feitas tiveron que ver co Día das escritoras, Samaín, Día da Poesía e o teatro, Samaín...
- **Lecturas na Galiña Azul.** Os textos elixidos foron:
  - A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza e Cucú-tras en 2 anos A
  - Chibos chibóns en 2 anos B
  - Un agasallo diferente en 3 anos A
  - Un agasallo diferente 3 anos B
  - A que sabe a Lúa? En 2 anos A
  - A que sabe a Lúa? En 2 anos B
  - A que sabe a Lúa? En 3 anos A
  - A qué sabe a Lúa? En 3 anos B

### 15.5.9. Valores

A valoración das actividade é mi positiva, así como noutras ocasións o alumnado colaborador era menos implicado, este últimos anos hai que sinalar a súa responsabilidade e compromiso.

No caso dos acompañamentos, ano tras anos, as clases anótanse pasando de ser acompañados a ser acompañantes. A nova actividade de lectura coa Galiña Azul tivo múltiples anotados, este ano decidimos empezar con pouco e que cada clase fora a unha das pequenas pero de cara ao curso que ven, e dados os bos resultados, intentaremos mellorar e aumentar as horas de contos cos nosos pequenos veciños. Todos os nenos e nenas traballaron e ensaiaron as súas propostas moitas veces. Todas estas actividades están relacionadas directamente co apartado de educación literaria do currículo onde tamén se nomean as lecturas compartidas e a adquisición da identidade lectora e inciden directamente nas áreas de ler e escribir.

### 15.5.10. Difusión

**Para a difusión das actividades utilizaremos:**

Páxina web: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Blog: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/blogbiblioteca
Rede social: https://www.instagram.com/biblioteca_ceip_vicente_otero/
https://www.facebook.com/vicente.otero.902/

## 15.6. Biblioteca creativa

### 15.6.1. Espazo

Durante este curso abdicámonos case exclusivamente a poñer a punto o espazo maker do primeiro andar e anexionámolo á biblioteca converténdoo en "Createca" (nome co que se denomina agora). Para acadar este fin decidimos dividilo en varios recunchos adicados a diferentes temáticas tendo en conta non duplicar recursos coa aula de Polos Creativos nin da biblioteca. A disposición do espazo do que dispoñemos, un corredor longo pero estreito que se acotou con divisións de aluminio e cristal, obrigou a facer un estudo exhaustivo do mobiliario para poder colocalo e aproveitalo de maneira eficiente. Mercáronse mesas e cadeiras así como outros materiais necesarios para poñelo en marcha. Agora mesmo conta con ata vinte postos para poder estar o alumnado tendo en conta as zonas de estar sentados e outras de construción ou mesas de luz.

### 15.6.2. Actividades

- Ciénciame un conto.
- Formación usuarios mestres. Actividade feita o día 15 de abril ás 15:30 previa apertura ao alumnado para explicar as normas, funcionamento e materiais cos que contamos.
- Apertura da Createca nos recreos de forma libre a finais de abril. Para ver como se distribuíron as actividades picar aquí. En resumo, podemos destacar:
    - Cociña. Actividade de crear con plastilina comidas seguindo o libro " La cocina de los dibujos" de Hervé Toullet.
    - Construcións. Libre. Kappla.
    - Mesas de luz. Libre.
    - Ciencia. Repetimos os experimentos de ciénciame un conto.
    - Arte. Collage a modo Basquiat das caras das escritoras traballadas polo días das escritoras.
    - Costura. Judith Scott.

Para ver os titoriais destes dous últimos recantos picar aquí e aquí.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 15.6.3. Recursos

A continuación facemos unha reseña dos recursos cos que contamos por recunchos:

- Cociña (xa estaba feita). Dotámola de máis material como pesas, recipientes de diferentes capacidades, material de xogo simbólico...
- Construcións. Baixamos o material que tiñamos na biblioteca e colocamos unha pequena plataforma onde se pode construír con barras de construción e Kappla.
- Mesas de luz. Baixamos tamén estes materiais da biblioteca (material traslúcico) e fixemos, a partir dos estantes Trofast do Ikea, unha recompilación de recursos para utilizar pezas soltas (pedras, corchos, paus...).
- Ciencia. Neste recuncho intentamos recolocar moitos dos materiais que xa tiñamos e por iso mercamos caixas para clasificalos. Cabe destacar que ecesitariamos incorporar microscopios a este espazo.
- Costura. Creación dun novo recuncho para coser ou traballar a partir da la. Mercamos la e varios bastidores que serviron para o club de lectura de "Tecedoras de versos".
- Pintura. Ao igual que co recanto de mesas de luz, puxemos unha estantería para ter clasificados todos aqueles materiais que poden servir para crear: rolos de papel, pauciños, bolígrafos, rotuladores, teas... Ademais adaptamos un botelleiro para clasificar os botes de pinturas e pinceis. Mercamos materiais para traballar aquí.
- Pizarra branca para anotar o que falta.
- Recursos persoais. No recreo somos tres persoas de garda na biblioteca, unha delas baixa agora á Createca
- Outros recursos de creación propia foron a presentación que se fixo do espazo e os titoriais dos recunchos que se poden ver nos apartados anteriores.

### 15.6.4. Currículo

Todos os recunchos de traballo contribúen ás competencias do currículo. Así destacamos:

- Recuncho de arte. Contribúe á competencia artística da área de educación plástica e visual xa que alí o alumnado coñece biografías de autores e autoras e diferentes técnicas artísticas como a do collage, por exemplo. Ao mesmo tempo contribúe tamén á educación literaria ao traballar cos retratos de mulleres escritoras tendo en conta a perspectiva de xénero. A simetría do retratos e a súa decoración contribúe a fomentar a creatividade e a competencia matemática.
- Recuncho de costura. Neste recuncho tamén se fomenta a creatividade e a competencia social, é un espazo onde se ve moita colaboración e onde se establecen relacións sociais de cooperación. Judith Scott e a súa biografía

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

contribúe tamén a unha educación inclusiva cunha nova perspectiva de xénero e diversidade funcional.

- Recuncho científico. Aquí as aprendizaxes están relacionadas coa exploración, a observación e o método científico a través de experimentos guiados e textos instrutivos. Apóianse dende aquí as áreas de ciencias naturais e socias dende un punto de vista práctico.
- Recuncho de construción de e de mesas de luz. Son dous recunchos onde tamén se establecen moitas relacións de cooperación para superar retos de altura ou de forma. As mesas de luz, ademais de manter a atención, permiten ao alumnado practicar coas propiedades das cores.
- Recuncho de cociña. Aquí están presentes a creatividade, as matemáticas (peso e capacidade) e o seguimentos de instrución (receitas de cociña) como en ningún outro.

### 15.6.5. Participación do alumnado

O alumnado que se viu máis favorecido coa apertura da Creteca foi o de Educación Primaria que acudiu de forma libre nos recreos. O aforo máximo foron 20 persoas e ao principio quedamos sen espazo. A chegada no mes de xuño dalgúns días de calor fixo que esta afluencia baixara, pero aínda agora, nos últimos días de curso, algúns nenos e nenas soben do recreo para poder participar das actividades.

### 15.6.6. Participación do profesorado

O profesorado da biblioteca implicouse activamente na súa posta en marcha, axudaron a montar as mesmas e ata a arranxar as mesas de luz que non funcionaban. O claustro explicou nas súas aulas como funcionaba. Os que máis usaron a Createca foi o profesorado de PT e AL. O resto do profesorado, de momento, non acudiu na hora de clase a ela pero si que foi buscar e utilizou parte dos materiais que hai como pinturas, pinceis, forno, pesas, botes de capacidades... Nalgunha ocasión fixéronse desdobres de grupos alí para traballar a capacidade é a cor.

### 15.6.7. Visibilidade. Difusión

Publicamos os traballos feitos na páxina web do centro, no blog de biblioteca e nas nosas redes sociais.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Enlace as redes: Instagram, Facebook

Observacións: Os membros do club de lectura de adultas do centro "Milfollas de papel" na lectura do libro "Pezas soltas" contribuíron con materiais a este espazo.

## 16. MEMORIA EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### 16.1. Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares estivo formado este curso 23-24 por 6 membros, incluíndo unha coordinadora.

A nosa tarefa foi organizar e coordinar cos niveis os festivais, festas e demáis conmemoracións que se nos adxudicaron ao inicio de curso e que estaban reflexados na táboa de conmemoracións do centro así coma promover e programar actividades complementarias e extraescolares para todo o centro educativo, darlle difusión aos traballos das diferentes conmemoracións, participar e colaborar nos distintos eventos que se levaron a cabo no centro escolar e manter as reunións mensuais estipuladas por parte do Equipo Directivo.

Con todo, hai que sinalar que durante o 1º trimestre a coordinadora estivo de baixa médica, e aínda que o mestre sustituto cubriu as súas tarefas académicas, non fixo o mesmo coas de coordinación. Así, durante o curso non se realizaron todas as reunións esixidas polo Equipo directivo e propostas ao inicio do ano lectivo.

### 16.2. Valoración xeral das actuacións/actividades desenvolvidas polo departamento/equipo ciclo.

Realizáronse 7 reunións do EACE, onde se trasmitiron as conclusión das reunións de Coordinadores coas propostas levadas alí para a súa difusión.

As actividades que o equipo organizou foron: " O ENTROIDO" e a "FESTA DE FIN DE CURSO" en colaboración co Equipo Directivo.

Uns cantos meses, tamén nos encargamos de seleccionar a música que se puxo para o timbre de entrada e saída do alumnado.

### 16.3. Propostas de mellora para o seguinte curso

Seguir participando das actividades que propoña a Dirección do centro dentro das nosas posibilidades.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 16.4. Outras observacións

Tal e como se acordou en reunión de Coordinadores, é preciso darlle unha volta á realización e exposición do PDI e realizar algunha actividade conmemorativa menos, para non sobrecargar o día a día da aula.

## 17. MEMORIA EQUIPO MEDIOAMBIENTE

### 17.1. Obxectivos

Neste primeiro ano pretendíase como obxectivo principal implantar unha cultura de reciclaxe e desenvolvemento sostible no centro, creando conciencia na comunidade educativa.

Os obxectivos xerais que se perseguiron no centro foron:

- Concienciar e sensibilizar á totalidade da comunidade educativa acerca da situación medioambiental do planeta.
- Fomentar que a comunidade educativa se converta nun exemplo de práctica ambiental responsable co medio ambiente.
- Desenvolver no alumnado a capacidade de aprender sobre o medio que os rodea.
- Ampliar os seus coñecementos ecolóxicos acerca da recollida selectiva de residuos, o uso responsable da auga e enerxía e o coñecemento dos recursos naturais.
- Potenciar estilos de vida sustentables.

En concreto, neste primeiro curso tomáronse como referente as seguintes liñas de actuación:

- Instaurar un sistema de recollida selectiva de residuos eficaz, na liña das correntes actuais de tratamento de residuos.
- Facilitar que este sistema perdure no tempo.
- Reducir a cultura de usar e tirar, concienciando especialmente no mal aproveitamento do material escolar.
- Reducir o uso de plásticos na escola e na vida diaria.
- Promover a horta escolar como unha actividade sostible e de contacto coa natureza.
- Participar en actividades de repoboación, que contribúan a recuperar espazos forestais da nosa contorna, no marco da aprendizaxe por servizo.
- Participar en actividades de recollida de lixo en espazos próximos ao centro, tamén coma actividade de aprendizaxe por servizo.
- Colaborar co concello de Carral na realización das diferentes actividades.
- Organizar actividades de conmemoración do Día Mundial da Saúde (7 de abril) e o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño)
- Difundir entre a comunidade educativa actividades formativas e exemplos de boas prácticas en materia de coidado do medio ambiente.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Ofrecer asesoramento a toda a comunidade educativa.

### 17.2. Recursos e metodoloxía

Para levar a cabo este plan, precisáronse os seguintes **recursos materiais:**

- Colectores de gran tamaño para depositar papel e cartón, envases e restos orgánicos.
- Instalación creada para depositar os residuos que xeramos co material escolar e que permita ver a evolución ao longo do curso.
- Pequenos colectores para zonas de gran xeración de residuos e os "mini puntos limpos".
- Papeleiras e caixas en número suficiente, que permitan separar en cada aula e espazo do centro os residuos.
- Carros e equipamento (luvas, distintivos, pinzas…) para as patrullas ecolóxicas e persoas colaboradoras na xestión.
- Materiais de refugallo que se poidan aproveitar para a elaboración de pequenas macetas.
- Bancais e mesas de cultivo, substratos e ferramentas para o coidado das plantas.
- Aqueles achegados polas TIC que poidan contribuír á difusión das boas prácticas.

No referido aos **recursos persoais**, os membros do Equipo de Reciclaxe e Medio Ambiente foron os principais encargados, estando conformado o equipo por dúas mestras de Educación Infantil, dous mestres de Educación Primaria, un mestre especialista en Educación Física e unha mestra especialista en Lingua Estranxeira.

A persoa coordinadora traballou en estreita relación e coordinación co equipo directivo, e de xeito especial coa dirección, co gallo de imprimir un maior carácter global ao proxecto. Ademais, o resto de docentes colaboraron no desenvolvemento das diferentes actividades propostas.

Entre as súas funcións tiveron que velar polo correcto funcionamento do plan, corrixir as deficiencias e incidencias, difundir as boas prácticas, dinamizar as actividades de repoboación e horta escolar e asesorar ao resto da comunidade educativa.

O **alumnado** do centro colaborou nas labores de recolecta e separación de residuos. Ademais tamén velaron polo correcto uso da auga e a enerxía. En particular, o alumnado de terceiro ciclo formou equipos de traballo co alumnado de Educación Infantil para colaborar na xestión de residuos. Desenvolveron a súa labor despois do recreo, nos días sinalados.

Tamén se crearon as **patrullas ecolóxicas**, integradas polo alumnado voluntariado segundo ciclo de Educación Primaria. Desenvolveron a súa labor durante os recreos. As súas funcións foron as de vixiar o bo uso de luz e auga no centro; informar e implicar ao resto da comunidade

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

educativa no respecto ao medio ambiente, separación de residuos e reciclaxe; propoñer melloras e vixiar que non se tiren restos ao chan. O **persoal de limpeza** participou estreitamente co fin de pretender que coa actividade se lles liberara de carga de traballo.

### 17.3. Actividades realizadas

O 3 de outubro tivemos unha visita do **punto móbil de reciclaxe**, que serviu de punto de partida para iniciar no centro a recollida selectiva de residuos, pasando a totalidade do alumnado polo mesmo e recibindo a pertinente formación en materia de separación.

A finais de outubro, unha vez recibido todo o material necesario, comezou a funcionar a **recollida selectiva** no día a día do centro. Se ben houbo que ir modificando ao longo dos primeiros meses a idea inicial para un correcto funcionamento, a actividade mantívose estable ata final de curso. A totalidade do centro participou desta actividade.

Á par da anterior actividade, comezaron a funcionar as **patrullas ecolóxicas**, integradas por alumnado do segundo ciclo de Educación Primaria e que se mantiveron estables ata final de curso. A súa labor foi a de tratar de manter o patio limpo nos recreos, informando aos compañeiros e recollendo lixo que puidera haber no patio.

Para facilitar a resolución de dúbidas, instalouse en todos os equipos das aulas un **asistente virtual** que nos axudou a saber onde depositar os residuos que xeramos.

Tamén se promoveron actividades complementarias como a **visita a SOGAMA**, que o alumnado de sexto curso fixo o 5 de novembro de 2023 e o alumnado de quinto o 8 de marzo de 2024.

O 5 de decembro o alumnado de sexto emitiu un **programa de radio** co gallo do comezo da COP 28, onde se puxo voz a un manifesto onde se pedían medidas que axuden a parar a crise climática: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/node/2589

Ao longo de decembro e xaneiro, no marco do reto da reutilización, demos unha segunda vida a botellas de plástico que serviron como macetas e decoraron a entrada do centro. Participaron a meirande partes das aulas, así como alumnado que recibe apoio de Pedagoxía Terapéutica

Xa no mes de xaneiro, informouse a toda a comunidade educativa sobre a nova separación de residuos que se prevé que chegue o vindeiro 2025 aos concellos xestionados polo Consorcio das Mariñas, coa difusión online dun tríptico informativo: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/node/2611

No mes de febreiro iniciouse a plantación de sementes (de colleita propia ou ecolóxica na súa grande maioría), levada a cabo polo alumnado de sexto curso.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En marzo iniciouse unha campaña de concienciación sobre o uso racional da auga e a enerxía eléctrica, coa sinalización en aseos, puntos de uso común e aulas por parte de alumnado voluntario.

Ademais, instaláronse bancais para os máis pequenos, iniciouse a recuperación do antigo invernadoiro e habilitouse unha zona para as árbores de repoboación, da man do alumnado de sexto curso.

Ao longo de abril tamén se destacou a iniciativa de comezo de curso onde se recollía a importancia de facer un bo uso do material escolar, reflexionando sobre a cantidade de lixo que xeramos na escola a través da instalación que se creou para tal fin.

O 13 de maio celebramos un mercado solidario, no que o alumnado de sexto curso intercambiou os excedentes das hortas por alimentos que quedaron no banco do Concello e/ou donativos a prol dun proxecto medioambiental. Esta actividade gozou de grande aceptación entre a comunidade educativa e a veciñanza de Carral, que participou de xeito amplo e animou a repetila no tempo. Ademais tamén contamos con cobertura por parte da prensa: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/carral/2024/05/13/agricultura-solidaria-huerto-escolar-otero-valcarcel-carral/0003_202405H13C6995.htm

A derradeira actividade do ano, foi a conmemoración do Día Mundial da Bicicleta e o Día Mundial do Medio Ambiente, no que se fixo un chamamento a favor da mobilidade sostible. Este tivo carácter voluntario para todos os niveis educativos do centro e contou cunha notable participación de alumnado e familias.

### 17.4. Conclusións

Un dos grandes obxectivos era instaurar un sistema eficaz de recollida selectiva de residuos. Tras a posta en marcha, algo sempre laborioso e con as normais dificultades para a posta en marcha, o centro foise adaptando ás necesidades detectadas, acadando un bo funcionamento. Entendemos que a vida escolar non é algo inmóbil, e polo tanto o sistema terá que adaptarse a futuros cambios. Como principal punto de mellora, sería recomendable establecer unha mellor coordinación co equipo de limpeza do centro. De maneira especial queremos destacar o bo funcionamento das patrullas ecolóxicas, o que redundou nun patio cada vez máis limpo e con gran participación do alumnado voluntario.

A horta escolar foi outro proxecto ambicioso, se ben o acondicionamento dos espazos e a meteoroloxía adversa durante case todo o curso non facilitaron o seu desenvolvemento, pero cremos que quedan sentadas as bases para que teña continuidade no tempo.

A colaboración co Concello de Carral foi moi boa ao longo do tempo, e as plantas sobrantes da horta escolar foron destinadas a un mercado solidario no marco da aprendizaxe por servizo, con fins benéficos.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Hai actividades cuxo resultado foi satisfactorio e que nos gustaría que se promovan e se repitan no tempo, como son a concienciación sobre o bo uso do material escolar, as visitas do punto limpo móbil ou ás visitas ás instalacións de SOGAMA.

Así mesmo, actividades como a da mobilidade sostible a realizar en xuño, en función dos resultados observados, servirá para pulsar a acollida da mesma e elevar un chanzo máis a participación do alumnado na mesma.

No debe deste curso quedan as actividades de repoboación, onde temos un pequeno banco de árbores para repoboar, pero por debaixo do esperado. Por iso, proponse para o vindeiro curso (e unha vez consolidados varios dos puntos chave deste proxecto) promover de novo esta actividade e incluso iniciar a repoboación sobre o terreo. Outro punto de mellora vén dado pola non realización de actividades de recollida de lixo en espazos da nosa contorna, sendo substituída esta actividade por outras das anteriormente nomeadas. Tamén se propón fomentar a participación do profesorado de garda no vestíbulo colaborando na saída ao patio do alumnado das patrullas ecolóxicas (así como os colaboradores de xogos, mediadores, etc. que dependen de outros equipos).

En todo caso, pese ás propostas de mellora, actividades que non se realizaron e todos os atrancos que puidese haber, a valoración xeral é moi boa, pois conseguíronse moitos fitos partindo practicamente de cero, e conseguiuse involucrar a un gran número de membros da comunidade educativa no proxecto.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

## 18. MEMORIA EQUIPO DE CONVIVENCIA E BENESTAR

### 18.1 Valoración xeral do desenvolvemento dos obxectivos dispostos, xunto coas actividades e resultados.

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

Seguindo o disposto na programación anual do equipo, dispuxéronse uns obxectivos xerais establecidos dende o artigo 12 do *Decreto 8/2015* sobre o Plan de Convivencia.

Para acadalos, concretáronse os obxectivos específicos relativos ao Plan de Convivencia e ao de Igualdade na programación anual do equipo. Porén, especificarase a continuación o grao de cumprimento de cada un deles en relación as actividades concretas propostas

| Plan de Convivencia | |
|---|---|
| 1. Uso do diálogo, dado que o alumnado ten os seus propios puntos de vista que enriquecen o proceso educativo e que deben ser, polo menos, escoitados e contrastados. | |
| **Accións concretas** | Continuidade do Consello da Infancia. |
| **Grao de cumprimento** | **Alto.** |

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | Ademais, proponse que o vindeiro curso o Consello da Infancia estea ligado ao equipo de convivencia para unha maior xestión do mesmo e, así, liberar dalgunha responsabilidade do equipo de biblioteca. Por outro lado, redáctanse os Estatutos do Consello da Infancia e consensúanse importantes melloras. |
| 2. A posta en práctica da aprendizaxe cooperativa, fronte á competitiva e á individualista. | |
| **Accións concretas** | Continuidade do PFPP do curso 2022/2023 sobre metodoloxías activas e aprendizaxe cooperativa. O aprendido será empregado polo profesorado asistente nas súas respectivas aulas. |
| **Grao de cumprimento** | **Medio.**<br>Parte do profesorado emprega estas metodoloxías en aula, especialmente o 3º ciclo de Educación Primaria. Aínda así, non se chega ao conxunto do profesorado e en moitas aulas aínda se mantén unha metodoloxía individualista e unha disposición de aula pouco favorecedora para acadar os principios do AC. |
| 3. A afirmación da dignidade das persoas, favorecendo a súa autoestima e a autoconfianza. | |
| **Accións concretas** | Instalación dun punto de "Páxinas amarelas" onde o alumnado poderá solicitar ou ofrecer pequenos "voluntariados" sobre aquilo que precisan ou se lles da ben. Establecerase un punto de encontro e autoxestionaranse coa axuda do profesorado do centro. Esta medida poderá realizarse unha vez se leve a cabo o "punto laranxa" establecido no novo Protocolo de Acoso e Ciberacoso, que será a prioridade do equipo de convivencia. |
| **Grao de cumprimento** | **Medio.**<br>A actividade foi deseñada polo equipo a principio de curso pero decidiuse non levalo a cabo durante este curso para priorizar a correcta implantación do Punto Laranxa e non sobrecargar a comunidade educativa. Dito Punto Laranxa do centro está activado e a coordinadora de benestar e convivencia impartiu formación sobre o mesmo a alumnado e profesorado. |
| 4. Establecemento de normas no marco dunha democracia participativa, escoitando as opinións dos alumnos e das alumnas naqueles puntos que lles atinxen. | |
| **Accións concretas** | Escolla de delegadas/os nas titorías, realización de asembleas, Consello da Infancia, debates... |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| **Grao de cumprimento** | **Alto.** Na maior parte das titorías realízanse coloquios para chegar a acordos e existen delegadas/os, aínda que non podemos asegurar que en todas as aulas se fagan asembleas. Aínda así, en todas as aulas se fixo unha escolla dos representantes para o Consello da Infancia de maneira democrática, participativa e paritaria; todo o alumnado goza da posibilidade de participar en distintos voluntariados (biblioteca, Polos Creativos, comedor, convivencia…), onde se responsabilizan do seu comportamento e teñen responsabilidades á hora de escoitar, atender e comprender ao resto do alumnado. |
| 5. Afrontamento positivo do conflito, tomándoo coma unha oportunidade para educar e para conseguir que os alumnos e as alumnas melloren as súas capacidades persoais e sociais. | |
| 6. A implicación das partes na xestión do conflito, coma o mellor camiño para resolvelo realmente. | |
| 7. A xestión alternativa de problemas, para o que é preciso crear o clima, definir e discutir o problema, explorar solucións alternativas… | |
| **Accións concretas** | Para a dinamización da convivencia no patio do recreo, créanse as figuras de mediadoras e mediadores de conflitos, arbitraxe dos deportes de pista, responsables de carriños de material e patrullas ecolóxicas. Estas/es serán formados pola Coordinadora de Benestar e Convivencia, así como polo Coordinador do Equipo de Medio Ambiente durante as sesións lectivas. Asemade, deseñarase e poñerase en funcionamento o nomeado "punto laranxa" para evitar situacións de acoso escolar, tal e como recomenda o recente Protocolo de Acoso e Ciberacoso, publicado pola Xunta de Galicia. |
| **Grao de cumprimento** | **Medio.** Xurdiron moitos conflitos inabarcables cos voluntariados de convivencia sen o apoio específico das titorías ou unha formación máis clara para mediadores e mediadores, a pesar da que xa foi impartida. No caso do Punto Laranxa, o punto actual é de formación ao alumnado posto que se instalou no 3º trimestre -momento no que chegou o material ao centro-. O alumnado non distinguía adecuadamente o acoso dos conflitos diarios habituais, co cal, ese foi o punto de partida para o emprego axeitado e con responsabilidade da propia comunidade no seu conxunto. |
| **Plan de Igualdade** | |
| 1. Examinar os contidos e materiais utilizados dentro do proceso educativo para evitar incluír elementos sexistas, anular modelos femininos, etc. | |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| **Accións concretas** | Cuestionar o que nos ofrecen os libros de texto dende as titorías, educar dende o espírito crítico, actualizar o catálogo da Biblioteca escolar para contar con máis recursos que inviten a eliminar os estereotipos de xénero e educar na igualdade etc. |
| **Grao de cumprimento** | **Medio.** Dende a biblioteca sempre se pon o aceno nesta perspectiva, mais cómpre salientar que non se garantiu este cuestionamento dende as titorías. Nos ciclos trabállase con editoriais específicas que -na maior parte de casos- non teñen este traballo realizado e ese esforzo parte da vontade da docente. |
| 2. Detectar as situacións de desigualdade que se poden dar no espazo educativo observando as condutas, actitudes, a linguaxe, percepcións e roles masculinos e femininos, a vida profesional, as súas expectativas de futuro, etc. | |
| **Accións concretas** | Créanse as figuras de mediadoras e mediadores de conflitos e dos deportes de pista. Estas/es serán formados pola Coordinadora de Benestar e Convivencia, terán entre as súas funcións velar pola equidade no patio do recreo e na pista, durante a realización dos distintos deportes. Procurar que todas e todos se sintan incluídos, teñan a oportunidade de xogar, non se sintan excluídos por calquera motivo e, especificamente, por motivos de xénero. |
| **Grao de cumprimento** | **Medio.** Pola falta de tempo da coordinadora e pola alta carga de traballo que supón a xestión dos voluntariados, non se puido garantir ao completo o benestar das persoas participantes ou das que recibiron os servizos das mesmas. Porén, cómpre centrar os esforzos na formación destas figuras de gran importancia e dinamizar todo o que ten que ver coas mesmas. |
| 3. Impulsar o empoderamento da muller introducindo figuras femininas relevantes dentro dos contidos, fomentando a participación das alumnas cuestionando os modelos tradicionais das relacións de xénero dentro do espazo educativo. | |
| **Accións concretas** | Tomando como referencia o PDI do centro "todas e todos temos unha historia que contar", propoñeranse actividades para dar voz a referentes femininas de todo tipo. |
| **Grao de cumprimento** | **Alto.** En todas as propostas do centro, especialmente nas complementarias, a maior parte das protagonistas son figuras femininas relevantes. Así mesmo, para o PDI foron programadas actividades centradas nas historias das mesmas. Por outro lado, este ano a música do centro foi protagonizada por mulleres galegas |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| | exitosas na música actual, para ir incrementando o coñecemento delas e o gusto musical do alumnado con referentes femininas próximas. |
| 4. Intervir para o desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade. | |
| **Accións concretas** | Entre as propostas, destaca a obra realizada nos baños para garantir que sexan mixtos e verdadeiramente inclusivos así como diversas formacións a alumnado e familias en materia de convivencia e igualdade. |
| **Grao de cumprimento** | **Alto.** Un ano máis, os baños continúan a ser unha ferramenta inclusiva para o alumnado que non fomenta a distinción de xénero en algo tan básico. Así mesmo, existiron diversas formacións para familias por parte da Biblioteca, Concello e do Equipo de Convivencia en materia de igualdade. |
| 5. Fomentar os valores como tolerancia, respecto, colaboración, igualdade, a través de actividades onde os nenos e nenas experimentan distintos roles, cambiar as xerarquías existentes na sociedade por outras non estereotipadas e debatidas nos grupos de traballo cos alumnos e alumnas. | |
| **Accións concretas** | Esencialmente nas titorías (atribución de roles de todo tipo nas tarefas de aula, delegados e delegadas, roles de mando independentemente do xénero…). |
| **Grao de cumprimento** | **Alto.** No relativo a este aspecto, en todas as aulas se actúa baixo esta perspectiva. Así mesmo, destacar tamén a paridade presente no Consello da Infancia, órgano que ano tras ano colle máis forza no noso centro. Cada aula está representada por unha nena e un neno en igualdade, para defender os intereses do conxunto. |

### 18.2 Propostas de mellora para o seguinte curso

Podemos dividir as propostas de mellora para o vindeiro curso en varios eixos: Alumnado, profesorado e familias.

**No relativo ao alumnado:**

- Centrar máis a atención no alumnado illado no patio do recreo.
- Crear un "club de convivencia" onde o alumnado voluntario do centro, ou os específicos relacionados co eido de convivencia, se poidan reunir para crear comunidade, deseñar

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

propaganda do que fan, xestionar mellor os obxectivos supervisados e acompañados pola coordinadora de convivencia e benestar.

- Cambiar a xestión das responsabilidades do material ao equipo de actividades extraescolares e complementarias. A carga de traballo dos equipos de mediación e arbitraxe, sumada á falta de horas da coordinadora para xestionar todo o que iso conleva, fai que as tarefas sexan moitas e dunha calidade cuestionable. Porén, debido ao aspecto intrínseco que conleva o recreo coma unha actividade complementaria que o profesorado decide dinamizar, podería ser unha opción que o equipo encargado deste tipo de tarefas xestionase: rexistros de material, estado do mesmo, perdas e estragos así como os voluntarios/as de 3º e 4º arredor do mesmo.

**No relativo ao profesorado:**

- Dar continuidade, mais habitualmente, ás pequenas formacións da coordinadora en conxunto co equipo de orientación sobre aqueles aspectos que a Consellería de Educación comeza a implementar.
- Tratar de fomentar os beneficios dos estilos de comunicación democráticos para favorecer a unha mellor convivencia dentro das aulas e fóra delas.
- Dar máis peso ao conxunto do Equipo de Convivencia e Benestar. Que se coñezan todas/os integrantes para que poida dosificarse a carga de traballo e que o peso das xestións de certos conflitos, especialmente no recreo e cos voluntarios/as de mediación e arbitraxe, no recaia unicamente na coordinadora.
- En relación co punto número tres, traballar man a man coas titorías para que os conflitos poidan ser solventados de raíz.

**No relativo ás familias:**

- Informar da existencia da figura da coordinadora de convivencia e benestar, xunto co propio Equipo ás familias. Deste modo, poden tratar de sufragarse certas das dificultades coas que conta o Equipo Directivo para chegar a todos os conflitos ou necesidades das familias, especialmente en termos de vida diaria no centro, aspectos relacionados co Punto Laranxa ou as que poida requirir o propio Equipo.
- Continuar fomentando charlas e coloquios sobre aspectos de convivencia. En consonancia e traballo conxunto coa Biblioteca do centro.
- Plantexar a posibilidade de crear unha ENAPA (Escola de Nais e Pais).

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**En relación ao Punto Laranxa:** Continuar informando sobre o seu uso e coidado que se faga un emprego axeitado do mesmo, debido ás malas praxes existentes polo descoñecemento do seu funcionamento.

### 18.3 Outras observacións

Realizáronse outras propostas non especificadas na programación anual. Por exemplo:
Estableceuse que -para o alumnado que tivese unha necesidade expresa e a situación o requirise- serían empregadas persoas de garda para apoiar ao titor/a nas horas de clase. O grao de cumprimento foi alto e a valoración é efectiva, positiva e debería dárselle continuidade en casos con características semellantes.
Para situacións desbordantes para o profesorado e alumnado, dáse a posibilidade de facer uso do persoal de garda para que este quede coa aula e así o titor poida reconducir e calmar a situación. Porén, crease un punto de convivencia na sala de mestres; alí atópanse documentos para as distintas condutas contrarias á convivencia así coma recursos de uso libre para o mestre/a. O grao de cumprimento desta proposta foi alto. Fíxose uso do espazo e supuxo o apoio do alumnado que así o precisou, ademais, favorece o rexistro das ditas condutas para o coñecemento do Equipo Directivo e dos propios titores, de non atoparse en aula.
Por outro lado, a coordinadora foi a todas as aulas de educación primaria a informar e concienciar sobre o uso do Punto Laranxa. Nun primeiro momento, realizouse un uso moi nocivo do mesmo. Chegouse á conclusión de que o alumnado estaba completamente desinformado acerca do concepto "acoso escolar" e, incluso, banalizaba a terminoloxía. Porén, púxoselle solución a problemática facendo unha pequena difusión sobre iso; poñendo especialmente a atención na distinción dun conflito cotiá do acoso escolar. O grao de consecución foi moi alto
Para finalizar, realizáronse Xornadas de Convivencia do Profesorado, todas elas acollidas con gran entusiasmo e cumpriron todas as expectativas dispostas nas mesmas. As temáticas foron: xogos de mesa, deportes e a última será para pechar o curso na comida final. Realizáronse de maneira trimestral e, en todos os casos, dentro do horario non lectivo pero de permanencia no centro. Aproveitouse o último luns lectivo de cada trimestre para realizalas, tendo en conta as necesidades de concilia e tempo libre do conxunto do profesorado.

## 19. MEMORIA EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### 19.1. Introdución

Quería comezar esta memoria poñendo en valor o esforzo de todo claustro e, por que non dicilo, de toda a comunidade educativa en xeral, por empregar na maior medida posible o

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

galego como lingua vehicular, aínda non sendo o idioma falado por moitas das familias que pertencen a esta comunidade, e tampouco por moitos dos membros do profesorado.

Na maioría das actividades realizadas polos diversos equipos, non só nas desenvolvidas polo Equipo de Dinamización, o galego foi o idioma predominante, estando presente nos traballos e actividades que se realizaron ao longo de todo o ano. Quería resaltar, e agradecer nesta memoria, esa implicación e ese posicionamento por parte de todas e todos.

Lembrar que este ano, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega estivo formado por:

**COORDINADOR:** Carlos Rodríguez Rodríguez – Educación primaria (2ºC).

**COMPOÑENTES:**
Manuel Meijide Cao – Educación Infantil (4ºA).
Pilar Meneses García – Educación Infantil ( Apoio).
María García Calvo – Educación Primaria (1ºB).
Beatriz Moscoso López – Educación Primaria ( 3ºC).
Alba Mª Rivas Candal, substituta de Mar Domínguez Pacheco – Educación Primaria (6ºA).

### 19.2. Consecución dos obxectivos

Dos obxectivos xerais propostos para o curso 2023-2024 podemos dicir que , na súa meirande parte, foron acadados, como detallamos deseguido :

- Promovimos o uso do galego en todas as actividades a realizar no centro empregando, de xeito prioritario, as novas tecnoloxías, como explicaba e salientaba anteriormente, a través de presentacións en Canva (semana da prensa) , na radio (Día de Rosalía e Letras Galegas) ou empregando o croma e distintos medios audiovisuais (PDI).
- Realizamos as conmemoracións tradicionais (Samaín, Magosto, Día da Paz, Entroido, Día de Rosalía, Día das Letras Galegas) como estaba previsto nos obxectivos xerais redactados a principio de curso, potenciando a participación en concursos e actividades que teñan como fin a promoción e a valoración da nosa lingua.
- Realizamos tamén unha pequena campaña de sensibilización entre as nenas e nenos do centro como forma de promover a valoración da lingua galega e mais a importancia da transmisión de valores a través dela, como foi a "Cadea de boas accións ". Potenciamos o uso do galego como lingua de comunicación entre todos os sectores da comunidade educativa (familia, concello, institucións locais...) publicitando e difundindo as actividades desenvolvidas no centro entre todos os sectores mencionados para fomentar a súa participación . E así foi que recibimos con moito agarimo as visitas de persoas maiores relacionadas co centro escolar ( antigos mestres

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

e colaboradores) co gallo do seu 50 aniversario para dar a coñecer as súas experiencias, aproveitando o tema do PDI: Todos e todas temos unha historia que contar.

- No anterior apartado poderíamos tamén incluír outro dos obxectivos formulados no inicio do curso, como era a realización de exposicións de obxectos e fotografías antigas co fin de dar a coñecer o noso pasado e costumes.
- Promóvese a lectura en lingua galega e de autores galegos, colaborando nas actividades programadas polo Equipo da Biblioteca, potenciando a adquisición de novos fondos en galego. Agradecer tamén o gran traballo do Equipo da biblioteca, que con actividades como os acompañamentos lectores, creou un clima especial entre os distintos grupos de alumnos e alumnas do centro, favorecendo a convivencia e establecendo técnicas de lectura que axudaron tanto a uns como aos outros.
- Empregouse a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web do centro, blogs... colaborando na organización, e fomentando a participación do alumnado, en actos e actividades culturais na nosa lingua.
- Promovimos a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro fixéronse proposta de títulos para mercar para os fondos da biblioteca, procurando literatura en galego atractiva para os nenos/as.

E algúns obxectivos quedaron por desenvolver, ben por falta de tempo, ben por circunstancias diversas (coincidir no tempo con outras actividades , falta de previsión ou falta de medios ). Intentaremos introducilas dalgunha maneira o curso que vén, unha vez sabidos os atrancos xurdidos. E foron, principalmente:

- Colaborar co Concello e máis co IES de Carral nas actividades de dinamización lingüística, potenciando a participación do noso alumnado; ao igual que colaborar con outras institucións que nos propoñan actividades interesantes vencelladas coa cultura e lingua galega, que por diversas razóns, como explico máis arriba non se puideron levar a cabo. Unha delas, realmente atractiva, foi o certame literario do Concello de Carral.

### 19.3. Actividades realizadas de dinamización lingüística

- Samaín e Magosto, "SAMAGOSTO" , en colaboración co EACE (31 outubro de 2023). Este ano celebramos o Samaín e o Magosto no mesmo día, xuntando os típicos disfraces que se veñen facendo habitualmente, coas deliciosas castañas asadas.
- Día do Estatuto de Autonomía de Galicia (28 de novembro de 2023) e Día da Constitución (5 de decembro do 2023).

Nestes días enviamos material didáctico para traballar nas aulas, con varios enlaces de vídeos e actividades manipulativas para tratar estes días tan significativos para a nosa cultura.

- Propuxemos unha actividade transversal, en colaboración co equipo de convivencia, e sen data de finalización, coa idea de salientar os valores cotiás dos nenos e nenas do cole, e facelo en galego, claro. Chamámoslle "Cadea de boas accións".
- Ademais, como actividade global do centro, e relacionándoa co PDI, todos os equipos estiveron presentes na celebración do 50 aniversario do centro educativo, coa nosa lingua tamén como protagonista en todas as actividades que se desenvolveron, que foron moitas e moi diversas.
- Entroido, en colaboración co EACE (5 ao 9 de febreiro de 2024). Nesta celebración cada nivel elixiu unha historia diferente, relacionada cun conto en galego, e elaboraron os disfraces coa temática dese libro ou conto en cuestión.
- Día de Rosalía, (23 de febreiro de 2024). Elaborouse un mural no vestíbulo do centro. Cada curso elixiu un poema da autora e fixo un debuxo relacionado con ese poema, interpretando o que pensaría no momento de facelo.
- Día das Artes Galegas (1 de abril de 2024). No día das Artes galegas, este ano adicadas a Francisco Asorey, enviamos para traballar a nivel de aula, unha ligazón con datos do autor elaborada polo equipo de Normalización Lingüística da Xunta de Galicia.
- Semana das Letras Galegas, (do 13 ao 17 de maio de 2024). Propuxemos actividades para dar a coñecer a biografía e a obra da autora homenaxeada, este ano adicado a Luisa Villalta Gómez. Sacando a información da RAG, cun traballo realizado por eles e chamado "Palabras", onde se daban a coñecer os traballos da autora dunha maneira moi orixinal elaboramos, entre todos os niveis un mural coas letras da autora. En cada letra ía un pequeno fragmento dun poema.
- Tamén aproveitamos para ler eses fragmentos na radio do colexio, e así, despois dunha pequena introdución elaborada polos alumnos do sexto nivel sobre a autora homenaxeada, nenos e nenas de cada curso recitaron na radio eses pequenos cachiños versados.
- Resaltar que este centro colaborou co grupo de traballo "Seminario Galán" na realización de actividades que todos os anos dá un pulo para que o autor ou a autora homenaxeada estea máis presente nos centros educativos, adaptando a súa obra ou a súa traxectoria sendo así máis doada de traballar polos máis pequenos.
- Ademais o EDLG colaborou co resto de equipos no desenvolvemento das diferentes actividades de celebración das conmemoracións establecidas pola lexislación.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 19.4. Conclusións

Xa para rematar, só salientar a importancia da implicación de todo o claustro e de toda a comunidade educativa para seguir desenvolvendo, e ampliando, estas actividades ano tras ano. Neste centro educativo, e na contorna en xeral, o uso do idioma galego está nunha situación crítica e necesitamos poñer en práctica a maior cantidade de iniciativas que muden esta inercia ou, polo menos, incentiven o uso do galego entre maiores e cativos. Seguiremos traballando para acadar estes obxectivos.

## 20. MEMORIA EQUIPO TIC E POLOS

### 20.1. Memoria TIC

#### 20.1.1. Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

| | ACADADO | EN PROCESO | PENDENTE |
|---|---|---|---|
| * Deseñar o Plan de Integración das TIC e dalo a coñecer a comunidade educativa. | X | | |
| * Colaborar cos distintos grupos dinamizadores das actividades do centro. | X | | |
| * Colaborar coas propostas do equipo da Biblioteca do centro. | X | | |
| * Administrar os recursos TIC do Centro. | X | | |
| * Dotar dos medios e recursos materiais necesarios para a aplicación do Plan en todos os niveles a través da selección, inventariado e mantemento dos mesmos. | X | | |
| * Promover a divulgación dos materiais e proxectos realizados polo profesorado. | X | | |
| * Fomentar o uso de abalarMóbil, EDIXGAL, da aula virtual e da páxina web do centro. | X | | |
| * Orientar, na medida do posible, ao profesorado na utilización dos recursos dixitais distribuídos pola Consellería. | X | | |

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Obxectivos específicos para o curso 2023-2024**

| | ACADADO | EN PROCESO | PENDENTE |
|---|---|---|---|
| 1. Colaborar coa empresa de mantemento informático para que exista un bo funcionamento dos dispositivos dixitais de traballo do profesorado e alumnado. Para isto existe un sistema de notificación de incidencias: un formulario telemático incluído na páxina web do centro. | X | | |
| 2. Colaborar na dinamización e funcionamento da aula Polos Creativos. | X | | |
| 3. Colaborar co equipo directivo no mantemento e actualización da páxina web do centro. | X | | |
| 4. Promover a actualización, formación e reciclaxe no uso de ferramentas dixitais do profesorado. | X | | |
| 5. Dar a coñecer e promover na comunidade educativa ferramentas de recursos dixitais e aplicacións corporativas. | X | | |
| 6. Revisar e actualizar o inventario TIC do centro. | | X | |
| 7. Actualizar a aula virtual do centro. | X | | |

### 20.1.2. Valoración xeral das actividades desenvolvidas polo departamento

Levamos a cabo:

- Obxectivos do plan dixital: continuar co proxecto polos creativos (formación profesorado, formación alumnado colaborador, incidencias, dotación de material,...), realizar un estudio do uso pantallas polo alumnado no centro educativo
- Actividades para o Día mundial dereitos do consumidor (titorías) 15 marzo
- Actividades para o Dia de Europa (titorías) 9 maio
- Recabar e cubrir información no aplicativo para a instalación de paneis dixitais en 3º-4º-5º-6º de EP (aínda á espera de que cheguen).
- Colaboración na difusión de novas e conmemoracións do centro na páxina web.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Atender, coordinar e colaborar no arranxo de incidencias informáticas e dixitais necesarias.

#### 20.1.3. Propostas de mellora para o seguinte curso

- Tendo en conta as crecentes necesidades do centro en materia dixital, considérase que a persoa coordinadora debería ter maior carga horaria para poder atender ás mesmas.
- Continuar a colaboración e dinamización do proxecto de Polos Creativos, espazo e materiais.
- Continuar coa colaboración coa consecución do proxecto Polos Creativos e Plan Dixital.
- Continuar coa concienciación para o uso de ferramentas e plataformas dixitais corporativas por parte de todo o profesorado; así como o espazo de Polos Creativos.
- Propoñer formación para o uso de novos dispositivos e materiais dixitais cando se considere necesario ou o claustro o solicite.
- Colaborar na mellora dos recursos e ferramentas informáticas para o profesorado e alumnado.
- Tratar de que o equipo tic este conformado por, alomenos, unha persoa de cada internivel.

#### 20.1.4. Outras observacións

Este curso académico 2023-24, o equipo TICs estivo conformado por:

- Jessica Gómez (mestra Ed. Infantil)
- Borja López (mestre Ed. Física - coordinador EDIXGAL)
- Emilio González (Pedagoxía Terapéutica)
- Cristina Pedreira (mestra Ed. Primaria)
- Alba Ramos (mestra Ed. Primaria) (de baixa). Persoa substituta: Tania Garaboa
- Gema Silvares (mestra Ed. Primaria - coordinadora Polos Creativos)
- Leticia Sotelo (mestra Música e Danza, coordinadora TIC, coordinadora Plan Dixital)

### 20.2. Memoria Polos

#### 20.2.1. Listaxe do equipo docente implicado

Colaboraron ao comezo de curso no deseño dos espazos , na organización e na programación inicial o Equipo de TICS.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O profesorado participante na liña formativa, no deseño dos diferentes espazos e na elaboración de materiais dinamizadores foron:

- Calvelo Moledo, Rocío
- Del Río García, María Antonia
- García Moledo, Nicole
- González Villamil, Emilio Manuel
- Pedreira Fuentes, Cristina
- Sánchez Prieto, Iria
- Sande Blanco, Olalla
- Silvares Fonte, Gema María
- Sotelo Chausson, Leticia

Asemade, outros docentes de xeito puntual fixeron uso do espazo e das propostas creadas polo equipo anteriormente citado co seu grupo- clase ou con outro tipo de propostas.

### 20.2.2. Liñas de acción desenvolvidas, incluíndo o impacto no centro, na aula e na comunidade

A existencia do Polo Creativo permitiu lograr diferentes obxectivos con menor ou maior grao de impacto a nivel de centro e comunitario. As principais accións levada a cabo foron:

- Contar no centro cun espazo versátil e polivalente orientado a empoderar o alumnado en metodoloxías activas vencellada ao eido STEAM.
- Vencellar o PDI da biblioteca do centro ás metodoloxías STEAM e vertebrar ambos espazos totalmente complementarios.
- Dotar o espazo de aportacións bibliográficas que doten de significado o traballo do alumnado.
- Ofrecer distintas posibilidades de acceso ao espazo (en horas de clase, no tempo de lecer ou polas tardes).
- Ter alumnado colaborador de 5º e 6º E.P nos recreos que participen na xestión do espazo e se empoderen no uso de ferramentas STEAM.
- Abrir ás familias a posibilidade de ir polas tardes e aprender creando cos retos deseñados para eles polo equipo do Polo Creativo.
- Realizar unha formación ao inicio do curso presentando ao profesorado os recursos, así como o espazo de Polos aos novos/as compañeiros/as.
- Formar ao profesorado interesado en elementos como impresión 3D , plotter de corte , programación e robótica.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Crear un Padlet de Polos onde se recollen os diferentes recursos para os retos e recunchos mensuais. Asemade, recompílanse diferentes titoriais e manuais para posibilitar que o profesorado se achegue ao manexo dos diferentes recursos.
- Crear un stand na xornada do PDI para dar a coñecer algunhas das propostas levadas a cabo.
- Dotar ao espazo e ós seus recursos dunha nova organización que facilite o uso por parte de mestres e alumnado. Neste curso creáronse dous carros móbiles que permiten traballar cos ordenadores nas aulas.
- Lograr que o profesorado se anime a iniciarse no emprego do espazo con proposta feitas polo equipo, como outras necesidades xeradas ao longo do curso (creación de chapas para conmemoracións; impresión 3D de trofeos de xadrez ou maqueta do cole para conmemorar o 50 aniversario do centro; elaboración de pegatinas co Plotter polo Equipo de Medio ambiente ou para a exposición do PDI do centro; produto para o 50 aniversario creado co papel Transfer…)

Algunhas destas accións pódense ver no blogue creado na páxina web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/poloscreativos

O banco de recursos creado polo equipo participante no PFPP de Polos recóllese no Padlet de Polos: https://padlet.com/profegemacarral/polos-creativos-c6ewjr79wszu2v2f

### 20.2.3. Avaliación e reflexión sobre o cumprimento dos obxectivos

Neste curso un maior número de profesorado amosou interese por formarse e usar aqueles elementos cos que contamos; porén, é preciso continuar alfabetizando ao profesorado no uso do material de Polos Creativos e na súa aplicación pedagóxica co alumnado, dado queo alumnado demanda este tipo de propostas e o profesorado non pode permanecer alleo á realidade dos centros.

A valoración é positiva especialmente en relación á acollida polo alumnado do centro. O uso do espazo no recreo tivo bastante éxito,sobre todo, por aquel alumnado que non viña cos seus titores noutros momentos ao longo da semana. O alumnado colaborador non tiña apenas coñecementos previos nin dos recursos de Polos nin do seu uso e a súa labor foi de agradecer.

Neste curso tivemos que modificar a programación das actividades a ofertar xa que contabamos coa dotación de novos recursos, tal e como se comunicou a comezos de curso. Entre eles a cortadora láser, coa que pretendiamos realizar novas propostas. Esta dotación para ampliar Polos non chegou , unicamente dende o CFR de A Coruña mandaron

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

uns kits singulares con deseños de propostas para levar a cabo.

### 20.2.4. Propostas de mellora

- Seguir unha liña semellante á deste curso, con retos mensuais en liña co PDI e propostas mensuais diversas para usar o espazo queorienten e animen ao seu uso en diferentes momentos (sesións de clase, recreos e polas tardes).
- Levar a cabo grupos de traballo ou seminarios nos que boa parte do claustro teña vontade de formarse. A creación dunha liña de PFPP é moi importante para dotar de novas propostas mensuais o espazo de Polos.
- Lograr unha maior implicación do profesorado do centro no uso do espazo.
- Posibilidade de ofrecer talleres para as familias polas tardes para invitalas a achegarse ao espazo e así coñecer de xeito guiado asposibilidades do seu uso co fin de incrementar a asistencia de alumnado e familias polas tardes.
- Como coordinadora neste curso vexo necesario aumentar o tempo adicado á coordinación. A hora semanal para a coordinación de Polos é insuficiente e considero que, aínda que a dedicación semanal desta figura non está lexislada, debería contar como mínimo con dúas horas como a meirande parte de coordinadores de equipos de dinamización do centro. Deste xeito, tarefas como a difusión a través do blog poderían ser abordadas de xeito satisfactorio.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

## 21. MEMORIA APRENDO PROGRAMANDO

### 21.1. Breve resumo do proxecto

Este Plan Proxecta levouse a cabo nas tres aulas de 5º de primaria do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel. Participaron en total 52 alumnos e alumnas.

A temática deste curso versaba sobre os refuxiados e partimos de bibliografía complementaria da biblioteca escolar para presentarlleeste tema dende outra perspectiva. Para iso, empregamos os libros ”Migrantes” de Issa Watanabe asícomo os ODS da Axenda 2030.

O traballo en Scratch orientámolo en dúas vertentes. Empregamos Scratch para alfabetizalos no usoda ferramenta e na área de Valores Sociais e Cívicos aproveitando a súa relación con algúns estándares. Asemade, traballáronse contidos doutras áreas como a comprensión, expresión escrita e tipoloxía textual en lingua castelá, a historia e o tempo histórico en Ciencias Socias, o debuxo artístico en educación artística e a estatística en matemáticas ofrecéndolle así un enfoque multidisciplinar a este proxecto.

En xeral a actividade consistiu en elaborar diferentes proxectos libres de Scratch tendo como tema principal os refuxiados.

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 21.2. Grao de consecución dos obxectivos

Partimos dos obxectivos propostos na solicitude do Plan Proxecta e axeitámolos ao currículo de 5º curso.

- Desenvolver o pensamento computacional.
- Resolver problemas derivados do manexo da programación mediante bloques.
- Planificar e desenvolver estratexias para aprender a aprender e aprender programando.
- Concienciar ao alumando da realidade coas que se atopan as persoas refuxiadas, obrigadas a fuxir dos seus fogares.

Ademais dos obxectivos específicos do Plan Proxecta, tamén se desenvolveron outros vinculados especificamente con algunha das materias tales como:

- Mellorar a comprensión e expresión escrita.
- Fomentar o traballo colaborativo.
- Recoñecer diferentes feitos históricos alusivos a conflitos bélicos, refuxiados...

### 21.3. Consecución de obxectivos

Os tres primeiros obxectivos, máis directamente relacionados coa programación, conseguíronse dun grao satisfactorio. O alumnado amosou autonomía, motivación e capacidade para levar a cabo os seus proxectos.

En canto ao grao de consecución do último obxectivo, consideramos que está totalmente acadado. O alumnado amosou empatía e interese pola temática abordada ata tal punto que parte do alumnado trouxeron obxectos ou vivencias familiares relacionadas cos refuxiados e cos conflitos bélicos. Porén, cómpre seguir concienciando ao alumnado sobre a importancia de traballar con imaxes libres de dereitos de autor e sobre as destrezas á hora de buscar información na rede e sendo máis críticos cos resultados das súas pescudas.

A temporalización das actividades foi a seguinte:

- 2º trimestre : Alfabetización da contorna de Scratch e dos bloques (aparencia movemento, control, variables...) e a programación de sinxelos retos como crear un labirinto, decorar un escenario...
- Lectura e introdución da temática a abordar a través do libro "Migrantes" de Issa Watanabe .
- Tamén, a busca de información empregando dispositivos dixitais (EDIXGAL) co fin de familiarizarse coa temática.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Inicio do proxecto unha vez consensuado entre os integrantes do grupo.
- Finalización do proxecto, presentación do mesmo aos demais compañeiros/as da aula e reflexión conxunta sobre a temática proposta.

### 21.4. Metodoloxía de traballo

Ante de iniciar o reto o alumnado debía familiarizarse co tema dos refuxiados para poder afondar nel. Logo, redactar un guión/borradorsobre o proxecto que tiñan en mente coa necesaria posta en común. Unha vez consensuado, realizaron o proxecto na ferramenta Scratche aportóuselle o feedback necesario durante a realización do proxecto. Compartiron o proxecto cos seus compañeiros/as e enviaron osproxectos aos seus respectivos titores que os subiron a unha plataforma común, Scratch.

### 21.5. Avaliación

Un dos instrumentos utilizados foi a observación continua do traballo, colaboración, esforzo e motivación do alumnado durante arealización do proxecto. Tamén se fixo uso dunha rúbrica para avaliar os produtos finais de cada un dos grupo de alumnos/as.
Coa participación neste proxecto, vimos que o alumnado está motivado á hora de participar en propostas de actividades STEAM e que éun recurso valioso para abordar temáticas de índole social e de compromiso cos ODS da axenda 2030.

## 22. MEMORIA PLURILINGÜÍSMO

### 22.1. Grao de consecución dos obxectivos

En xeral acadáronse os obxectivos propostos: houbo pequenas propostas e actividades en lingua estranxeira dirixidas a todo o centro (celebración de "Thanksgiving" co alumnado de 2º EP, "Christmas caroling" en Nadal, contribucións ao PDI do centro...)
Si é certo que se poderían ter acadado en maior grao e que non conseguimos etiquetar as diferentes zonas do centro en inglés por cuestión de pouca dispoñibilidade de tempo.

### 22.2. Evolución da lingua estranxeira do alumnado

É o segundo ano dentro do programa de Plurilingüismo, aínda é pronto para valorar a repercusión de ter impartido unha materia máis en lingua estranxeira na evolución da mesma por parte do alumnado, pero si dicir que se observa principalmente una mellor actitude cara á lingua estranxeira así como unha maior comprensión oral en inglés. Asociar o inglés á área de Educación Plástica e Visual fai que algunhas alumnas e alumnas que poderían ter máis dificultade por non ter interese na lingua, se aproximen a ela con menos medo e amosen máis interese e curiosidade por aprendela.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08
Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44
CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

### 22.3. Contribución da auxiliar de conversa

Non podemos valorar este apartado xa que a nosa auxiliar non chegou a vir. Avisou en setembro de que non ía poder vir e non se nos ofreceu alternativa nin solución, polo que, un curso máis, non podemos valorar esta figura.

Si dicir que o consideramos un importante recurso, dado que na área de inglés non temos ningún apoio e é moi necesario para poder traballar a competencia lingüística do alumnado, especialmente a expresión oral que require unha maior supervisión e práctica, o cal non sempre é posible traballando con grupos grandes.

### 22.4. Organización do programa

O programa parécenos unha moi boa iniciativa, aínda que botamos en falta seguimento do mesmo, orientacións, lugares onde consultar boas prácticas, formación máis específica, actualizada e rigorosa sobre o plurilingüismo e como levalo a cabo no NOSO contexto.

O programa leva anos funcionando e xa hai experiencia como para que houbese información útil de boas prácticas.

Pensamos que faltan unhas instrucións máis específicas para o mesmo, que faciliten que nos centros se constitúa un equipo de plurilingüismo e que así haxa unha maior presenza real da lingua estranxeira no día a día.

Así mesmo queremos destacar que sería preciso que dende a Inspección e Administración se respectasen os proxectos aprobados polos centros e autorizados pola Administración, para poder levar a cabo os proxectos da forma en que estes se propoñen. No noso caso parécenos prioritario que algunha das docentes de inglés estea directamente implicada no proxecto máis alá da coordinación. Tamén nos parece moi positivo e beneficioso para o alumnado una boa coordinación entre a persoa que imparte a lingua estranxeira e a persoa que da a materia non lingüística en inglés.

### 22.5. Análise das estratexias postas en marcha

En liñas xerais, este curso traballamos principalmente en dar continuidade en 2º EP ao traballo feito o curso pasado en 1º de EP así como en implantar a área de Educación Plástica e Visual no 1º nivel, as estratexias e propostas que mellor funcionasen e buscando como implementar o compoñente lingüístico nas clases de Art tentando ofrecer ao alumnado a maior exposición posible.

Mantivemos o traballo a partir historias e contos relacionados con artistas e diferentes aspectos da Arte que logo servían de inspiración ou base para diferentes propostas artísticas.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Foi un reto coordinar mellor coa área de inglés nos grupos nos que a persoa que imparte Art non é Mestre de inglés, xa que el, á súa vez, está a cargo dunha titoría propia, polo que os tempos de coordinación eran poucos.

Continuamos compartindo as diferentes propostas e algúns recursos no blog da área Educación Plástica e Visual (http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/bigartistsincarral)

Foi unha experiencia moi positiva a coordinación coas mestras titoras de 2º nivel, da que xurdiu a colaboración para o proxecto co que contribuímos ao PDI en 2º de primaria así como permitiu a participación co alumnado de 2º EP nun proxecto eTwinning con dúas escolas de Portugal coas que compartimos un proxecto partindo da figura de Leo Lionni como artista e escritor.

### 22.6. Propostas de mellora

Consideramos o equipo de plurilingüismo debería ter tempos asignados de reunión. Existe a figura da coordinación, pero en ningún caso se contemplan reunións nas que se decidan medidas, estratexias, se planifiquen actividades e /ou se fagan propostas para levar a cabo.

Así mesmo, consideramos necesaria unha mellor organización e seguimento do programa de auxiliares de conversa, xa que non se permite buscar outro en caso de que este se dea de baixa antes de comezar a actividade.

Estaría ben poder contar con unha plataforma de referencia por parte da Consellería onde se compilasen boas prácticas levadas a cabo noutros centros que levan anos funcionando como centros plurilingües.

Non hai ningún acompañamento (formación, observación, orientación, seguimento…) unha vez que se entra no programa, o que fai difícil valorar a súa efectividade e repercusión, así como evolucionar.

A Administración debería ter máis en conta este tipo de programas e os proxectos cos que foron aprobados nun centro.

Ter en conta os cargos do profesorado para a asignación de docentes. O número de docentes de lingua estranxeira no centro é, na actualidade, insuficiente para cubrir as necesidades do centro así como para dar seguimento ao proxecto tendo en conta as condición nas que este se aprobou no noso colexio e as circunstancias que se dan (unha das docentes itinera con 2 centros, outra é a responsable do comedor e a outra é xefa de estudos). Así mesmo, que una persoa con perfil bilingüe asuma todas as horas de, no noso caso, EPV en inglés sendo tamén titor, dificulta un bo funcionamento do programa.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## 23. MEMORIA ECONÓMICA

Durante este curso seguíronse os orzamentos plantexados pola Comisión económica e aprobados por Consello Escolar, de xeito que o presuposto dedicouse a:

- Gastos fixos de mantemento, reparación e conservación.
- Adquisicións periódicas (papel, mantemento informático, teléfono...).
- Pago de itinerancias e axudas de custo.
- Dotacións de aula e especialistas có fin de cubrir as necesidades do equipo docente para a atención do alumnado.
- Dotacións para os equipos de dinamización para as diferentes necesidades que xorden nas actividades que realizan no centro. Tívose en conta a creación de dous novos equipos así coma respectar que a biblioteca tivese a dotación máis ampla (o 20%) polo papel que desenvolve no centro como eixe de aprendizaxes.
- Saídas complementarias, asumindo o custo das mesmas para aquelas casuísticas do alumnado que o precisaban así coma os autobuses de todos os niveis para as saídas de fin de curso (por ser a excursión que mais desembolso supón para as familias).
- Melloras de espazos e instalacións respondendo a peticións xustificadas debidamente polo equipo docente, o equipo de cociña...
- Outros gastos derivados das actividades desenvoltas no centro.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# ANEXOS

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**ANEXO I. MEMORIA PT-1**

Mestra especialista en PT: Lidia Bello Novo.

**A) CANTIDADE DE ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO AO LONGO DO CURSO.**

O número de alumnado que recibiu apoio durante o curso 2023/2024 recóllese na seguinte táboa:

| CANTIDADE DE ALUMNADO ATENDIDO AO LONGO DO CURSO 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| **EDUCACIÓN INFANTIL** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EI |
| 4º EI | 2 | 3 |
| 5º EI | 1 | |
| 6º EI | 0 | |
| **EDUCACIÓN PRIMARIA** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EP |
| 1º EP | 0 | 13 |
| 2º EP | 3 | |
| 3º EP | 0 | |
| 4º EP | 3 | |
| 5º EP | 1 | |
| 6º EP | 6 | |
| | | TOTAL ALUMNADO ATENDIDO: 16 |

**B) VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR.**

Quixera valorar moi positivamente a implicación dos mestres/as que se involucraron co alumnado en todo momento adaptando tarefas, elaborando materiais individualizados, tomando todas as medidas ordinarias posibles e as extraordinarias cando foi preciso. Todo isto redunda nos avances do alumnado moi positivamente.

**C) VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO.**

As medidas tomadas foron as axeitadas, excepto no caso de J.MA.P. que, a pesar da implicación de todo o equipo docente, equipo directivo, departamento de orientación non se conseguiu que o alumno asistise á escola.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**D) PREVISIÓNS PARA O VINDEIRO CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA, DE SER O CASO.**

- Traballar de xeito coordinado cos servizos externos para poder eliminar o absentismo do alumnado do centro, contamos este curso con varios alumnos con esta problemática, algún caso grave.
- Mellorar a intervención e coordinación cos Servizos Socias de Carral para resolver dificultades familiares, económicas, hixiénicas...
- Continuar con metodoloxías que poñen no centro de todas as intervencións ao alumnado e o seu desenvolvemento, especialmente ao alumnado con dificultades de diversa índole para atender así as necesidades educativas que presentan.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## ANEXO II. MEMORIA PT-2

Mestre especialista en PT: Víctor Caamaño Huelin.

Mestre itinerante con outro centro da contorna.

### A) CANTIDADE DE ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO AO LONGO DO CURSO.

O número de alumnado que recibiu apoio durante o curso 2023/2024 recóllese na seguinte táboa:

| CANTIDADE DE ALUMNADO ATENDIDO AO LONGO DO CURSO 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| **EDUCACIÓN INFANTIL** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EI |
| 4º EI | 0 | 0 |
| 5º EI | 0 | |
| 6º EI | 0 | |
| **EDUCACIÓN PRIMARIA** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EP |
| 1º EP | 1 | 15 |
| 2º EP | 5 | |
| 3º EP | 0 | |
| 4º EP | 5 | |
| 5º EP | 1 | |
| 6º EP | 3 | |
| | | TOTAL ALUMNADO ATENDIDO: 15 |

### B) VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR.

En xeral, con todos os titores e titoras houbo moita coordinación ao realizarse todos os apoios, excepto unha sesión semanal, dentro da aula.

Mantemos seguimento común do progreso do alumnado, comentando ao momento todos os aspectos que considerábamos poder mellorar, cambiar ou abordar. Fixéronse algunhas titorías acompañando ao titor/a cando así se solicitou.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**C) VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO.**

En liñas xerais, apreciáronse melloras en todo o alumnado ao longo do curso. As medidas de apoio foron as adecuadas para todo o alumnado, a pesar de que, por diferentes motivos, non se alcanzaran en todos os casos todos os obxectivos establecidos na avaliación, facendo que algún/ha destes/as alumnos/as non promocione ao seguinte curso.

**D) PREVISIÓNS PARA O VINDEIRO CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA, DE SER O CASO.**

- Manter o apoio a todo o alumnado, con lixeiras modificacións na carga horaria en algún caso.
- Manter a metodoloxía de apoio na aula ordinaria en todos os casos.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**ANEXO III. MEMORIA PT-Atención preferente**

Mestre especialista en PT: Emilio Manuel González Villamil.

**A) CANTIDADE DE ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO AO LONGO DO CURSO.**

O número de alumnado que recibiu apoio durante o curso 2023/2024 recóllese na seguinte táboa:

| CANTIDADE DE ALUMNADO ATENDIDO AO LONGO DO CURSO 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| **EDUCACIÓN INFANTIL** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EI |
| 4º EI | 0 | 0 |
| 5º EI | 0 | |
| 6º EI | 0 | |
| **EDUCACIÓN PRIMARIA** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EP |
| 1º EP | 0 | 11 |
| 2º EP | 0 | |
| 3º EP | 6 | |
| 4º EP | 0 | |
| 5º EP | 5 | |
| 6º EP | 0 | |
| | | TOTAL ALUMNADO ATENDIDO: 11 |

**B) VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR.**

A coordinación co persoal docente e non docente foi moi favorable. Estivemos en contacto en todo momento; polo que puidemos coordinarnos e deseñar actividades e materiais adaptadas para as diferentes intervencións co alumnado.

**C) VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO.**

As medidas de apoio aplicadas, na maioría dos casos, foron o suficientemente eficaces; xa que se axustaron ás necesidades do alumnado, ademais valoráronse positivamente as coordinacións entre o profesorado titor e os especialistas. Aínda así, considero que o vindeiro curso sería preciso valorar a aplicación de distintas medidas ordinarias e extraordinarias para a atención á

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

diversidade do alumnado para garantir a adquisición dos obxectivos e competencias para a consecución do perfil de saída da etapa de educación primaria.

**D) PREVISIÓNS PARA O VINDEIRO CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA, DE SER O CASO.**

- Continuar incidindo na coordinación e traballo en equipo entre todos os membros da comunidade educativa para asesorar e formarnos sobre diferentes temáticas, en especial: modificación de conduta, atención á diversidade e as tecnoloxías da relación, información e comunicación (TRIC).
- Crear unha bibliografía especializada dentro do departamento de orientación con materiais didácticos e bibliográficos específicos para todo o profesorado e clasificado por necesidades.
- Importancia da colaboración entre o profesorado de distintos niveis na transicións de etapas e niveis e sobre todo co alumnado que non acadou a non promoción.
- Mellores canais comunicativos entre as familias e servizos externos.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**ANEXO IV. MEMORIA AL-1**

Mestre/a especialista en AL: Mª Ángela Precedo No.

**A) CANTIDADE DE ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO AO LONGO DO CURSO.**

O número de alumnado que recibiu apoio durante o curso 2023/2024 recóllese na seguinte táboa:

| CANTIDADE DE ALUMNADO ATENDIDO AO LONGO DO CURSO 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| **EDUCACIÓN INFANTIL** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EI |
| 4º EI | 3 | 8 |
| 5º EI | 1 | |
| 6º EI | 4 | |
| **EDUCACIÓN PRIMARIA** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EP |
| 1º EP | 4 | 19 |
| 2º EP | 4 | |
| 3º EP | 9 | |
| 4º EP | - | |
| 5º EP | 1 | |
| 6º EP | 1 | |
| | | TOTAL ALUMNADO ATENDIDO: 27 |

**B) VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR.**

As coordinacións cos diferentes titores/as foron boas e continuas ao longo deste curso; sempre insuficientes polas propias características deste alumnado.

**C) VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO.**

Como dixen máis arriba, debido ás características e heteroxeneidade deste alumnado non se pode ter unha valoración unánime: O alumnado con dislalias, evolutivas ou non, e as disgrafías están a ter un bo prognostico. O alumnado con dislexia ten mellor prognostico nun caso que noutro, xa que o traballo levado a cabo con cada alumno varia tendo en conta as características individuais. O mesmo poderíase dicir das dificultades de aprendizaxe.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En xeral as medidas de apoio foron axeitadas, agás nas últimas incorporacións a este apoio; xa que é materialmente imposible pola falta de horario. Este alumnado necesitará máis tempo de apoio o vindeiro curso escolar.

**D) PREVISIÓNS PARA O VINDEIRO CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA, DE SER O CASO.**

- Maior coordinación co equipo docente e/ou co titor/a do alumnado que recibe apoio de AL.
- Necesidade de continuación das directrices do Departamento de Orientación deste CEIPP na seguinte etapa educativa (ESO), en relación coas medidas levadas a cabo co alumnado con NEAE nesta etapa que finaliza.
- Necesidade de máis especialistas de PT e AL neste centro educativo.
- Necesidade urxente de busca dunha solución real, por parte do concello, á imposibilidade de abrir as fiestras para ventilar a aula de AL do 1º andar.

**Asinado por:** SANDE BLANCO, OLALLA
**Cargo:** SECRETARIA
**Data e hora:** 01/07/2024 10:27:08

**Asinado por:** SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
**Cargo:** DIRECTORA
**Data e hora:** 01/07/2024 10:03:44

**CVE:** 9udEpGXw9lZ9
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

**ANEXO V.MEMORIA AL-2**

Mestra especialista en AL: Mabel Varela García.

Mestra itinerante con outros 2 centros da contorna.

**A) CANTIDADE DE ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO AO LONGO DO CURSO.**

O número de alumnado que recibiu apoio durante o curso 2023/2024 neste centro recóllese na seguinte táboa:

| CANTIDADE DE ALUMNADO ATENDIDO AO LONGO DO CURSO 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| **EDUCACIÓN INFANTIL** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EI |
| 4º EI | 1 | 4 |
| 5º EI | 3 | |
| 6º EI | | |
| **EDUCACIÓN PRIMARIA** | | |
| NIVEL EDUCATIVO | Nº ALUMNADO | TOTAL EP |
| 1º EP | 1 | 13 |
| 2º EP | 4 | |
| 3º EP | 3 | |
| 4º EP | 3 | |
| 5º EP | 2 | |
| 6º EP | | |
| | | TOTAL ALUMNADO ATENDIDO: 17 |

**B) VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR.**

Ten especial relevancia a coordinación dos distintos mestres e mestras que intervimos co alumnado para garantir unha coherencia na actuación e adecuada coordinación dos aspectos a traballar.

A coordinación co profesorado titor realizouse de xeito eficaz coa periodicidade máis axeitada ás necesidades do alumnado e ao progreso das súas aprendizaxes (diaria, semanal ou quincenal). A coordinación entre o profesorado de PT e AL foi moi frecuente.

Asinado por: SANDE BLANCO, OLALLA
Cargo: SECRETARIA
Data e hora: 01/07/2024 10:27:08

Asinado por: SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
Cargo: DIRECTORA
Data e hora: 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## C) VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO.

As medidas de apoio adoptadas para cada alumno e alumna establecéronse en base ás súas características e necesidades, da etapa educativa na que se atopan, dos recursos persoais e organizativos do centro, así como tamén da dispoñibilidade horaria das mestras de AL.
Deste xeito leváronse a cabo apoios tanto dentro coma fóra da aula ordinaria e apoios individuais ou grupais.

Durante o curso as medidas de apoio fóronse modificando segundo os resultados da avaliación continua. Dándose algunha alta e novas incorporacións resultado de acadar os obxectivos establecidos ou das necesidades que foron xurdindo nas aulas ao longo do curso.

En xeral o resultado das medidas adoptadas en cada caso, tendo en conta as necesidades e capacidades de cada neno/a, foi satisfactoria. Non todo o alumnado foi quen de xeneralizar as aprendizaxes ao traballo autónomo diario, mais a valoración é positiva.

## D) PREVISIÓNS PARA O VINDEIRO CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA, DE SER O CASO.

Agás o alumnado xa dado de alta ao longo do curso, tomando coma referencia os informes finais da mestra de AL é previsible que o alumnado atendido neste curso continúe co apoio da mestra de AL nas distintas modalidades que o estaban a recibir.

Como propostas de mellora reforzar actividades da aula co fin de xeneralizar certos aprendizaxes e dispor de máis tempo para elaborar e adaptar material específico para aquel alumnado que o precisa.

**Asinado por:** SANDE BLANCO, OLALLA
**Cargo:** SECRETARIA
**Data e hora:** 01/07/2024 10:27:08

**Asinado por:** SÁNCHEZ PRIETO, IRIA
**Cargo:** DIRECTORA
**Data e hora:** 01/07/2024 10:03:44

CVE: 9udEpGXw9lZ9
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve